Ría de Pontevedra
Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro 2014 - 2020

# Estratexia 2014-2020.

Documento resumo

## GALP Ría de Pontevedra



Estratexia 2014-2020. GALP Ría de Pontevedra

## TÁBOA DE CONTIDOS

ESTRUTURA E CONTIDO DA ESTRATEXIA DE DESENOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) 4

1. DATOS DO GRUPO ... 4

2. DEFINICIÓN DA ZONA PESQUEIRA ... 16

3. ANÁLISE DIAGNÓSTICA ... 20

3.1. Ámbitos do diagnóstico, metodoloxía de traballo e fontes de información. ... 20

2. Metodoloxía de traballo. Describir sucintamente o proceso de investigación realizado aclarando, a metodoloxía de traballo e as técnicas empregadas. ... 24

3.3. Diagnóstico da zona pesqueira (Análise DAFO) e Delimitación das principais necesidades do territorio. ... 25

3.4. Conclusións sobre a situación actual da zona pesqueira. ... 30

4. MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA EDLP ... 31

4.1. A misión da estratexia ... 31

4.2. A visión da estratexia ... 31

4.3. Identificar os valores da organización ... 31

5. PLAN DE ACCIÓN ... 33

5.1. Obxectivos estratéxicos. ... 33

5.2. Obxectivos específicos ... 34

5.3. Liñas de actuación ... 36

Liñas de actuación (1.1.1 e 1.1.2) ... 36

Liñas de actuación (1.2.1 a 1.2.3) ... 36

Liñas de actuación (2.1.1. a 2.1.3) ... 37

Liñas de actuación (2.2.1.) ... 37

Liñas de actuación (3.1.1. ) ... 38

Liñas de actuación (3.2.1. e 3.2.2.) ... 38

Liñas de actuación (4.1.1. e 4.1.2) ... 38

Liñas de actuación (5.1.1. e 5.1.2) ... 39

5.4. Mapa do Plan de acción ... 40

5.5. Fichas de medidas ........ 51
5.6. Carácter integrado e multisectorial da estratexia ........ 51
5.7. Carácter innovador da estratexia ........ 52
5.8. Contribución da estratexia á creación de emprego ........ 54
5.9. Contribución da estratexia á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á non discriminación ........ 55
5.10. Contribución ao principio de desenvolvemento sostible ........ 55
5.11. Complementariedade, coordinación e cooperación con outros instrumentos ou intervencións na zona ........ 57
5.12. Redes ........ 59
6. Plan de financiamento. ........ 60
6.1. Distribución global de orzamento. ........ 60
6.2. Detalle do orzamento para o conxunto do período entre obxectivos estratéxicos do programa de axudas e custes de explotación e animación. ........ 60
6.3. Plan de financiamento do Plan de Acción. ........ 62
7. Capacidade do Grupo de Acción Local. ........ 64
8. Disposicións de xestión da EDLP. ........ 68
9. Disposicións de seguimento e avaliación. ........ 81
9.1. Indicadores de seguimento e avaliación. ........ 81
9.2. Plan de Seguimento. ........ 82
9.2. Plan de avaliación. ........ 82
10. Plan de participación. ........ 86
10.1. Directorio de entidades e recursos. ........ 86
10.2. Proceso de participación na elaboración da estratexia. ........ 87
10.3. Proceso de participación no seguimento e aplicación da estratexia. ........ 89
11. Plan de comunicación. ........ 91
11.1. Mapa estratéxico. ........ 91
11.2. Accións de comunicación para a divulgación do GALP e o programa de axudas. ........ 91
12. Fontes de información. ........ 96

# ESTRUTURA E CONTIDO DA ESTRATEXIA DE DESENOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP)

## 1. DATOS DO GRUPO

### 1.1. Datos identificativos do grupo

| | |
|---|---|
| Denominación | Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra |
| NIF | G36593606 |
| Dirección | Concello de Marín. Avda. Ourense s. N. 36900 MARÍN |
| Teléfono | 886 21 30 15 |
| Fax | 886 21 30 15 |
| Enderezo electrónico | gac6@accioncosteira.es |
| Representante legal | José Antonio Gómez Castro |
| NIF do representante | 35245319-G |

## 1.2. Relación de asociados

| | Denominación Da Entidade | NIF | Domicilio Social | Nome Representante | Sexo | Sector | Tipo Entidade | Data Constitución | Nº Asociados | Data Adhesión |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | AGARIMO | G-36288603 | Rúa Real, s/n | Ventura García | Home | Económico e Laboral | Comerciantes | 17/04/1997 | 85 | 02/10/2008 |
| 2 | Entretendas CCU | G-36421444 | Progreso, nº 79 local 3B | Julio Presas López | Home | Económico e Laboral | Comerciantes | 20/02/2004 | 67 | 2008 |
| 3 | Federación de Empresas COOP. SINERXIA | G-36783470 | R/ Fernandez Villaverde, 4 1º Andar dereito | Purificación Alfonso Riveiro | Muller | Económico e Laboral | Comerciantes | 31/10/1994 | 3000 | 16/09/2008 |
| 4 | Asociación Praza de Abastos de Sanxenxo APASA | G-36552768 | Avda. Madrid s.n. | María Elena Otero Serantes | Muller | Económico e Laboral | Comerciantes | 02/02/2007 | 20 | 29/08/2008 |
| 5 | Asociación Praza de Abastos de Portonovo APAPO | G-36552776 | Praza de Abastos - Estrada A Lanzada - Portonovo. | Victor Manuel Rodiño Magdalena | Home | Económico e Laboral | Comerciantes | 02/02/2008 | 21 | 29/08/2008 |
| 6 | Asociación de Poio de Autoturismos - TAXIS | G-36368942 | Avda. Porteliña, 25 | José Luis Fuentes Díaz | Home | Económico e Laboral | Empresarios | 20/09/2000 | 19 | 02/10/2008 |
| 7 | Estación Náutica Rías Baixas | G-36382398 | Luis de Rocafort 53-201 A | Eduardo Dopazo Suárez | Home | Económico e Laboral | Empresarios | 2001 | 63 | 01/10/2008 |
| 8 | Asoc. De Profesionais da Praza de Abastos de Bueu | G-36391902 | Rúa Montero Ríos 99 | María Ángeles Cruz Germade | Muller | Económico | Comerciantes | 29/06/1905 | 24 | 04/04/2011 |

| | Denominación Da Entidade | NIF | Domicilio Social | Nome Representante | Sexo | Sector | Tipo Entidade | Data Constitución | Ámbito Territorial | Nº Asociados | Data Adhesión | Porcentaxe Mulleres na Asemblea Xeral | Porcentaxe Mulleres na Xunta Directiva |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu | G-36012712 | Montero Ríos | José Barreiro Gómez | Home | Pesqueiro | Confraría | 15/12/1983 | Bueu | 250 | 2008 | sen datos | 25% |
| 10 | Asociación de Armadores de Marín | G-36014868 | Rúa Méndez Núñez 60, 2ºD | Andrés Guiance Parada | Home | Pesqueiro | Armadores | 03/10/1997 | Nacional | 57 | 2008 | 5% | 5% |
| 11 | Confraría de Marín | G-36013688 | Operadores Portuarios 5, Porto de Marín | Enrique González López | Home | Pesqueiro | Confraría | 1944 | Marín | 37 | 2008 | 10% | 10% |
| 12 | Confraría de Pescadores San Gregorio de Raxó | G-36020261 | Iglesia 18 - Raxó | Yago Tomé Blanco | Home | Pesqueiro | Confraría | 1934 | Poio | 130 | 2008 | 32% | 33% |
| 13 | Lonxa de Campelo | V-36362879 | Peirao de Campelo s/n | Carlos Rodríguez Barreiro | Home | Pesqueiro | Lonxa | 26/07/2000 | Poio | 707 | 2008 | 60% | 60% |
| 14 | Confraría de Lourizán | G-36015253 | Rúa do Areal,6 - Lourizán | María Carmen Vázquez Nores | Muller | Pesqueiro | Confraría | - | Pontevedra | 133 | 2008 | 71% | 50% |
| 15 | Confraría de Pontevedra | G-36016962 | Rúa Ponte Nova, 31, 1º | César Rodríguez Piñeiro | Home | Pesqueiro | Confraría | 1940 | Pontevedra | 297 | 2008 | pendente de cálculo | pendente de cálculo |

## RELACIÓN DE ENTIDADES ASOCIADAS

| | Denominación Da Entidade | NIF | Domicilio Social | Nome Representante | Sexo | Sector | Tipo Entidade | Data Constitución | Ámbito Territorial | Nº Asociados | Data Adhesión | Porcentaxe Mulleres na Asemblea Xeral | Porcentaxe Mulleres na Xunta Directiva |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 16 | Confraría de Pescadores "Santa Rosalía" de Sanxenxo | G-36017804 | Rúa Consistorio, 12-Baixo | Sauro Martínez Durán | Home | Pesqueiro | Confraría | - | Sanxenxo | 44 | 2008 | 0% | 0% |
| 17 | Confraría de Portonovo | G-36012839 | Rafael Picó. Nº 4 . Portonovo | José A. Gómez Castro | Home | Pesqueiro | Confraría | - | Sanxenxo | 131 | 14/08/2008 | 4% | 0% |
| 18 | Organización de Productores de Pesca Fresca del Puerto y Ría de Marín (OPROMAR) | G-36044790 | Prto. Pesqueiro, Edificio Anexo Lonxa | Andrés Guiance Parada | Home | Pesqueiro | Asociación | 03/05/1986 | Nacional | 35 | 2008 | 5% | 5% |
| 19 | Sociedad Cooperativa Gallega del Mar San Miguel de Marín | F-36011641 | Op. Portuarios Nº 5 - Pto. pesqueiro | José Luis Santiago Pereira | Home | Pesqueiro | Cooperativa | 03/11/1973 | Marín | 12 | 04/04/2011 | 0% | 0% |
| 20 | Concello de Bueu | P-3600400-J | Eduardo Vicenti 8 | Silvia Carballo Gzlez. | Muller | Público | Concello | - | Bueu | 12373 | 2008 | sen datos | 45% |
| 21 | Concello de Sanxenxo | P-3605100-A | Rúa Consistorio 4 - 6 | Gonzalo Gonzalo Pita | Home | Público | Concello | - | Sanxenxo | 17604 | 2008 | sen datos | 50% |
| 22 | Concello de Marín | P-3602600-C | Avda. de Ourense nº3 | María Ramallo Vázquez | Muller | Público | Concello | - | Marín | 25562 | 2008 | 33% | 50% |

| RELACIÓN DE ENTIDADES ASOCIADAS | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Denominación Da Entidade | NIF | Domicilio Social | Nome Representante | Sexo | Sector | Tipo Entidade | Data Constitución | Ámbito Territorial | Nº Asociados | Data Adhesión | Porcentaxe Mulleres na Asemblea Xeral | Porcentaxe Mulleres na Xunta Directiva |
| 23 | Concello de Poio | P-3604100-B | Praza do Mosteiro nº1 Convento San Xoan | Consuelo Besada | Muller | Público | Concello | - | Poio | 16642 | 2008 | 44% | 41% |
| 24 | Asoc. Amigos Embarcacións Trad. Os Galos | G-36353464 | Montero Rios 31 | Víctor Domínguez Antas | Home | Social | Cultural | 01/12/1999 | Ría de Pontevedra | 61 | 2008 | 30% | 20% |
| 25 | Asoc. Parkinson Galicia-Bueu | G-36456317 | Monte de Ríos, Nº 18, Antigua Casa del Mar | Begoña Cerdeiro García | Muller | Social | Tercer Sector | 2003 | Bueu | 150 | 2008 | sen datos | 87% |
| 26 | Aociación Cultural Meiro | G-36293223 | Meiro 105 A | Victoria Martínez Barreiro | Muller | Social | Cultural | 1997 | Bueu | 145 | 2008 | sen datos | 90% |
| 27 | Asociación de Mujeres Viuvas Demócratas de Vigo | G-36964757 | Rúa San Salvador 8, 4ºB | Carmen Rodal González | Muller | Social | Igualdade | - | Bueu | 30 | 2008 | 93% | 100% |
| 28 | Asociación de Oceanógrafos de Galicia | G-36989598 | Avelleiras s.n. Fc. Ciencias do Mar. Campus Universitario | Paula Mozos Ansorena | Muller | Social | Medio-ambiental | 25/09/2006 | Galicia | 215 | 2008 | sen datos | 66% |

## RELACIÓN DE ENTIDADES ASOCIADAS

| | Denominación Da Entidade | NIF | Domicilio Social | Nome Representante | Sexo | Sector | Tipo Entidade | Data Constitución | Ámbito Territorial | Nº Asociados | Data Adhesión | Porcentaxe Mulleres na Asemblea Xeral | Porcentaxe Mulleres na Xunta Directiva |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 29 | AAMM Virxe do Porto | G-36502359 | Sagrada Familia 2 bajo | Carolina Solla Martínez | Muller | Social | Igualdade | - | Marín | - | 2008 | sen datos | sen datos |
| 30 | AAVV San José de Cantodarea | G-36224400 | Sagrada Familia 2 baixo | Carolina Solla Martínez | Muller | Social | Veciñal | - | Marín | - | 2008 | sen datos | sen datos |
| 31 | Asociación Camiño Vello de Marín e Comarca | G-36405249 | C. Vello 15 Seixo | Antonio Conde Ríos | Home | Social | Xubilados | 18/12/2001 | Marín | 600 | 2008 | 60% | 50% |
| 32 | Asociación de Veciños "Laberinto de Mogor" | G-36 167 633 | Outeiro s. n. Mogor | Juan Manuel Rosales Pérez | Home | Social | Veciñal | 12/03/1992 | Marín | 300 | 2008 | sen datos | sen datos |
| 33 | Asociación de Veciños "San Blas" | G-36 112 209 | Víal de praias 28, Seixo - Aguete | Jorge Fernández Amoedo | Home | Social | Veciñal | - | Marín | - | 2008 | sen datos | sen datos |
| 34 | Asociación de Veciños Virgen del Puerto de Marín | G-36 261 331 | Camiño dos Sapos Nº 17 2ºD | Pascual Martínez Ferradás | Home | Social | Veciñal | - | Marín | 120 | 2008 | 75% | 71% |
| 35 | Asociación Hispano-Alemana de Marín | G-36 492 445 | C/ Rosalía de Castro | Xulio de Santiago Fernández | Home | Social | Cultural | 13/11/2003 | Marín | 20 | 2008 | sen datos | 15% |
| 36 | GRUPO CULTURAL "RONSEL" | G-36204428 | Rúa Ángel Araujo "Escribano"Nº 2 4B | Carlos Villegas García | Home | Social | Cultural | 29/12/1993 | Marín | 200 | 02/10/2008 | 50% | 13% |

| RELACIÓN DE ENTIDADES ASOCIADAS | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Denominación Da Entidade | | NIF | Domicilio Social | Nome Representante | Sexo | Sector | Tipo Entidade | Data Constitución | Ámbito Territorial | Nº Asociados | Data Adhesión | Porcentaxe Mulleres na Asemblea Xeral | Porcentaxe Mulleres na Xunta Directiva |
| 37 | Real Clube de Mar de Aguete | G-36039659 | Avd. Gago de Mendoza 167 | José Manuel Torres Corredoira | Home | Social | Deportiva | 1975 | Marín | 250 | 2008 | sen datos | 0% |
| 38 | Asociación de Veciños A Laxe de Raxó | G-36017184 | Avda. de Outeiro 18, Raxó | María Garrido Mosquera | Muller | Social | Veciñal | 26/01/1980 | Poio | - | 2008 | sen datos | 63% |
| 39 | Club de Piragüismo de Poio | G-36250991 | Nave deportes náuticos s/n | Diego González Vicente | Home | Social | Deportiva | 30/10/1995 | Poio | 66 | 2008 | sen datos | sen datos |
| 40 | Clube Mariño "A Reiboa" | G-36381408 | Avda da Seca 17 | Joaquín Fabeiro | Home | Social | Deportiva | 01/03/2001 | Poio | 36 | 2008 | 67% | 67% |
| 41 | Asociación Club Náutico de Raxó | G-36 486 132 | Camiño da Igrexa 18 Raxó | José Candido Dasilva Iglesias | Home | Social | Deportiva | 15/03/2005 | Poio | 90 | 2008 | 0% | 0% |
| 42 | Asociación pola Defensa da Ría APDR | G-36145068 | Apdo. 414 | Benito Andrade González | Home | Social | Ecoloxista | 14/12/1987 | Pontevedra | 500 | 2008 | sen datos | 20% |
| 43 | GREMMAR: Grupo de Rescate e Estudio dos Mamíferos Mariños | G-36572840 | Campelo. Camiño das Loncras nº13 | Miguel Ángel Aris Abilleira | Home | Social | Ecoloxista | 13/01/2008 | Autonómico | 200 | 2008 | 20% | 20% |

RELACIÓN DE ENTIDADES ASOCIADAS

| | Denominación Da Entidade | NIF | Domicilio Social | Nome Representante | Sexo | Sector | Tipo Entidade | Data Constitución | Ámbito Territorial | Nº Asociados | Data Adhesión | Porcentaxe Mulleres na Asemblea Xeral | Porcentaxe Mulleres na Xunta Directiva |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 44 | Asociación de Consumidores do Salnés | G-36243863 | Progreso 51 - b | Natalia del Caño Pereira | Muller | Social | Consumidores | - | Sanxenxo | - | 2008 | sen datos | sen datos |
| 45 | Asociación Medioambiental RODICIO | G-36548378 | Rúa Progreso, 51-B | Olga Pereira Penedo | Muller | Social | Ecoloxista | 27/04/2002 | Sanxenxo | - | 2008 | sen datos | sen datos |
| 46 | Clube de Piragüismo Portonovo | G-36397669 | Rúa do Espiñeiro - Portonovo | Victorino García Piñeiro | Home | Social | Deportiva | 22/05/1985 | Sanxenxo | 53 | 2008 | 20% | 0% |
| 47 | Asociación AMIZADE | G-36053545 | Rúa Alemaña 23, baixo | Paulo FontánTorreiro | Home | Social | Tercer Sector | 14/03/1988 | Pontevedra | 116 | 2008 | 40% | 18% |
| 48 | Asociación de Veciños Francisco Pérez de Mogor - Marín | G-36117927 | Poblado Mogor, 10 A | Gloria Rodríguez Cortegoso | Muller | Social | Veciñal | 1988 | Marín | 56 | 2008 | sen datos | 60% |
| 49 | Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo. | G-36307247 | Rúa Rafael Picó, 58 | Alejandro Piñeiro González | Home | Social | Deportiva | 08/12/1997 | Sanxenxo | 285 | 2009 | 30% | 20% |
| 50 | Ateneo Santa Cecilia Marín | G-36015287 | Rúa do Caracol, 36 Soto | Lois González Dopazo | Home | Social | Cultural | 22/11/1952 | Marín | 420 | 04/04/2011 | 50% | 50% |

RELACIÓN DE ENTIDADES ASOCIADAS

| | Denominación Da Entidade | NIF | Domicilio Social | Nome Representante | Sexo | Sector | Tipo Entidade | Data Constitución | Ámbito Territorial | Nº Asociados | Data Adhesión | Porcentaxe Mulleres na Asemblea Xeral | Porcentaxe Mulleres na Xunta Directiva |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 51 | Asoc. Cultural de Pescadores Deportivos de Marín - Tenlo | G-36341915 | Paseo Lameiriña, 3 Baixo | José Ramón Castro Soto | Home | Social | Cultural | - | Marín | - | 04/04/2011 | sen datos | 0% |
| 52 | C. Náutico de Portonovo | | Calle Rafael Picó, 44 | Javier Ruíz de Cortázar Díaz | Home | Social | Deportiva | 15/08/1992 | Sanxenxo | 330 | 2014 | sen datos | 0% |
| 53 | Asociación de Pescadores Chirleu | | Porto de Aguete S/N | Isidro Guimeráns Freire | Home | Social | Deportiva | 1990 | Marín | 214 | 2011 | sen datos | 0% |
| 54 | C. Náutico de Sanxenxo | G-36027621 | C/ Augusto González Besada, 20 | Roi Álvarez Pérez | Home | Social | Deportiva | 08/06/1951 | Sanxenxo | 1100 | 2015 | sen datos | 7% |

## 1.3. Composición da xunta directiva

| | NOME E APELIDOS | NIF | DOMICILIO | POSTO QUE OCUPA NA ASOCIACIÓN | SECTOR | ENTIDADE A QUE REPRESENTA | SEXO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | José Antonio Gómez Castro | 35 245 319 G | Rafael Picó. Nº 4 | Presidencia | Pesqueiro | Confraría De Portonovo | Home |
| 2 | Silvia Carballo | 53 115 453 N | Eduardo Vicenti 8 | Vicepresidencia | Público | Concello De Bueu | Muller |
| 3 | Consuelo Besada | 35 250 235 K | Praza Do Mosteiro Nº1 Convento San Xoan | Secretaría | Público | Concello De Poio | Muller |
| 4 | Gonzalo Gonzalo Pita | 35 315 219 F | Rúa Consistorio 4 - 6 | Tesourería | Público | Concello De Sanxenxo | Home |
| 5 | Yago Tomé Blanco | 44 083 379 S | Iglesia 18 - Raxó | Vogal | Pesqueiro | Confraría De Pescadores San Gregorio De Raxó | Home |
| 6 | Sauro Martinez Durán | 77 409 300 V | Rúa Consistorio, 12-Baixo | Vogal | Pesqueiro | Confraría De Pescadores "Santa Rosalia" De Sanxenxo | Home |
| 7 | Maria Del Carmen Vázquez Nores | 35 308 466 Q | Rúa Do Areal,6 - Lourizán | Vogal | Pesqueiro | Confraría De Lourizán | Muller |
| 8 | César Rodríguez Piñeiro | 35 301 062 H | Rúa Ponte Nova, 31, 1º | Vogal | Pesqueiro | Confraría De Pontevedra | Home |
| 9 | José Luis Santiago Pereira | 35 278 905 X | Op. Portuarios Nº 5 - Pto. Pesquero | Vogal | Pesqueiro | Sociedad Cooperativa Gallega Del Mar San Miguel De Marín | Home |

| | NOME E APELIDOS | NIF | DOMICILIO | POSTO QUE OCUPA NA ASOCIACIÓN | SECTOR | ENTIDADE A QUE REPRESENTA | SEXO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 10 | José Barreiro Gómez | 35 295 619 A | Montero Ríos | Vogal | Pesqueiro | Confraría De Pescadores San Martiño De Bueu | Home |
| 11 | Andrés Guiance Parada | 76 807 246 B | Rúa Méndez Núñez 60, 2ºd | Vogal | Pesqueiro | Asociación De Armadores De Marín | Home |
| 12 | Enrique González López | 52 497 650 N | Operadores Portuarios 5, Porto De Marín | Vogal | Pesqueiro | Confraría De Marín | Home |
| 13 | Maria Ramallo Vázquez | 52 495 851 F | Avda. De Ourense Nº3 | Vogal | Público | Concello De Marín | Muller |
| 14 | Ventura García Fafián | 67 869 909 L | Rúa Real, S/N | Vogal | Económico | Agarimo | Home |
| 15 | Eduardo Dopazo Suárez | 34 605 068 G | Porto Deportivo De Sanxenxo Local 8 | Vogal | Económico | Estación Náutica Rías Baixas | Home |
| 16 | Lois González Dopazo | 76 804 594 G | Rúa Do Caracol, 36 Soto | Vogal | Social | Ateneo Santa Cecilia-Club Unesco Marín | Home |
| 17 | Miguel Angel Aris Abilleira | 44 081 537 J | Camiño Das Loncras Nº13 | Vogal | Social | Gremmar: Grupo De Rescate E Estudio Dos Mamíferos Mariños | Home |
| 18 | Pascual Martínez Ferradás | 35 276 015 H | Virxe Do Porto 27 | Vogal | Social | Asociación De Veciños Virxe Do Porto | Home |

## 1.4. Datos resumo do grupo

| | Nº | % representación (1) |
|---|---|---|
| Entidades socias | 54 | 100% |
| Entidades que representan ao sector pesqueiro | 11 | 20% |
| Entidades que representan ao sector social | 31 | 57% |
| Entidades que representan ao sector económico | 8 | 15% |
| Entidades que representan ao sector público | 4 | 8% |
| Mulleres na xunta directiva | 4 | 22,2% |

**(1)** Esta porcentaxe de representación corresponde ao número de membros do sector na Asemblea mais non se corresponde como queda de manifesto na táboa seguinte coa porcentaxe de representación na Xunta Directiva.

| Resumo de representacións | % dereitos de voto na Asemblea Xeral | % dereitos de voto na xunta directiva |
|---|---|---|
| Sector pesqueiro | 20 % | 50 % |
| Sector público | 8 % | 22 % |
| Sector social | 57 % | 17% |
| Sector económico | 15 % | 11 % |

O GAC Ría de Pontevedra ten o compromiso de adaptar os seus estatutos, no que a representación sectorial se refire ás disposicións do novo regulamento para a xestión do FEMP e ás disposicións que promova á Consellería do Mar para a súa xestión.

# 2. DEFINICIÓN DA ZONA PESQUEIRA

## 2.1. Delimitación do territorio

| Relación de municipios | | Poboación | Superficie do municipio (kms $^2$) |
|---|---|---|---|
| 1 | Bueu | 12.352 | 31 |
| 2 | Marín | 25329 | 37 |
| 3 | Pontevedra | 1.706 | 118 |
| 4 | Poio | 16.794 | 34 |
| 5 | Sanxenxo | 17.543 | 45 |
| 6 | Meaño | 5.428 | 28 |
| | **TOTAL** | **79.152** | **292,6** |

## 2.2. Incluirase un **mapa** da zona e a xustificación da coherencia xeográfica, económica, social e cultural.

**Bueu, Marín, Pontevedra, Poio, Sanxenxo e Meaño compoñen o territorio que propón o GAC Ría de Pontevedra na candidatura para a definición dunha estratexia integrada de desenvolvemento para a zona costeira, seguindo o criterio fundamental de manter agrupadas as confrarías da Ría de Pontevedra que comparten planes de explotación. Ademais, na procura de engadir ao grupo territorio e empresas con importantes lazos comerciais co sector pesqueiro da Ría de Pontevedra e tamén dar unha maior presenza á vertente arousán do Concello de Sanxenxo, incorpórase Meaño.**

A Ría de Pontevedra é a área costeira de Galicia que posúe unha maior concentración de

portos por $Km^2$ arredor dos que, historicamente, a poboación formou pequenas vilas e unha malla extensa de hábitat disperso que tivo e ten como centro neurálxico á vila de Pontevedra incluso a pesar da perda de peso económico pola colmatación do seu porto, o que desprazou a actividade portuaria cara Marín. A ría e a actividade económica derivada dela, son os principais factores de cohesión do territorio que, se ben en terra minórase pola polarización local, destaca nas xentes do mar pola forte relación a ambas marxes da mesma: “ *A ría une ás xentes do mar”.* **Son exemplos disto a constitución dunha agrupación de interese económico polas tres confrarías do fondo da ría na Lonxa de Campelo, o feito que todas elas manteñen planes de explotación conxuntos e, recentemente, a creación da plataforma de comercialización conxunta na web, nun proxecto desenvolvido polo GAC Ría de Pontevedra a petición do sector.**

A zona proposta mantén a continuidade física do territorio. O istmo da Lanzada marca o extremo norte desta zona costeira e o cabo Udra o sur; polo oeste, as Illas Ons, pechan a ría e a zona costeira. Estas illas, Ons e Onza, forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas e son un dos seus referentes emblemáticos xunto coa Illa de Tambo.

Outro importante factor de cohesión é o alto potencial económico derivado do turismo, principal factor de dinamización socioeconómico da zona costeira. A transformación urbana das últimas décadas no que antes eran pequenas vilas tradicionais ou portos de pescadores, como Sanxenxo, Combarro, Dena ou Portonovo, exemplifican a dimensión da reorientación produtiva. O turismo acada nesta área o máximo nivel de desenvolvemento de toda Galicia. A ampla oferta de aloxamento ten unha alta compoñente hoteleira e está orientada ao turismo de sol e praia de procedencia ibérica. Son maioritariamente pequenas empresas familiares que traballan de forma independente unhas das outras.

A cohesión ten tamén fundamento nas relacións económicas entre os concellos da ría e Meaño que derivan en boa medida, da presenza dun importante tecido empresarial en Meaño dependente do sector pesqueiro que gravita sobre o concello de Sanxenxo e está conectados pola estrada PO – 550 e a Autovía do Salnés (AG-41).

En termos xerais, a economía da Ría de Pontevedra susténtase en tres piares básicos: a economía de servizos que impera entorno á cidade de Pontevedra, as actividades orientadas ao mar -pesqueiras, marisqueiras e portuarias- dominantes na marxe sur e o turismo e a construción residencial que caracterizan á marxe norte, especialmente a Sanxenxo; Poio ten unha economía mixta e, en Meaño, ten un maior peso o sector primario e o industrial derivado, en grande medida da industria agroalimentaria a partir tanto dos produtos do mar como da terra. No ámbito laboral, o sector pesqueiro acada unha relevancia media. A destrución de emprego no sector durante a recesión acadou cotas do 25 %, as mesmas que na meirande parte do litoral galego e foi máis intensa nos concellos de Bueu e, sobre todo, Marín.

Demograficamente, constitúe a zona máis nova e dinámica de Galicia, sendo a única que en 2014 mantiña un saldo vexetativo equilibrado e un saldo migratorio positivo. A zona costeira da Ría de Pontevedra ten unha renda por habitante superior á media galega, máis este dato non é significativo xa que está sobrevalorada pola elevada renda do Concello de Pontevedra mentres que a meirande parte dos concellos están por baixo da media galega; no que atinxe ao PIB/hab., so Pontevedra – considerando a totalidade da poboación-, está por riba da media galega.

Outro factor de cohesión do territorio é a distribución de infraestruturas de comunicación: a conexión da marxe norte con Pontevedra faise principalmente pola autovía do Salnés, dadas as condicións de orografía e densidade poboacional da PO-308, que percorre esta marxe da ría. Polo sur, a autovía a Marín e a recente apertura da circunvalación a esta vila, ten reforzado a comunicación entre Pontevedra, Marín e Bueu. Dous aeroportos a menos dunha hora, ferrocarril de alta velocidade, tren de mercancías que chega ata o Porto de Marín e vías de alta capacidade considéranse bos enlaces cara o exterior.



2.3. Resumo de **datos** sociodemográficos, económicos e culturais

| | |
|---|---|
| Municipios | Bueu, Marín, Pontevedra, Poio, Sanxenxo e Meaño |
| Superficie (km$^2$) | 292,6 |
| Poboación | 79.152 (incluíndo so sector pesqueiro do Concello de Pontevedra.<br>160.392 (incluíndo a poboación total do Concello de Pontevedra |
| Densidade poboación (sobre poboación total | 548,2 hab/km$^2$ |
| Evolución da poboación (1999-2013) | A evolución da poboación é positiva nunha porcentaxe do 9,0 % |
| Renda dispoñible bruta por habitante (Ano 2009) | 15.640,3 |
| Indicador municipal de renda dos fogares | Os valores do IMRF para os concellos da zona costeira son moi diferentes entre os diferentes concellos. Considerando os valores do ano 1996 con referencia 1995, o promedio da zona costeira é de 92,1. Porén o valor do ano 2002 con respecto ao 2000 é de 94,8 por tratarse de anos de mellor situación económica, en xeral. Todos os concellos, agás Pontevedra (112) están por baixo do valor promedio de Galicia (100); tres deles (Bueu, Marín e Meaño) están en valores por baixo ou igual a 90. |
| Índice de envellecemento | 98,0 % |
| Peso do sector pesqueiro (en relación coa poboación ocupada) | Contando co Concello de Pontevedra, o peso relativo dos afiliados ao réxime do mar respecto ao total de afiliados é de 5,3 %. Sen contar este concello en función de que a efectos do FEMP so se contabiliza á poboación pesqueira, á porcentaxe sube ao 9,7 %. |

# 3. ANÁLISE DIAGNÓSTICA

## 3.1. Ámbitos do diagnóstico, metodoloxía de traballo e fontes de información.

| 1. **Ámbitos do diagnóstico**[1]. Determinar os ámbitos do diagnóstico que imos a abordar: o territorio, o marco temporal e os elementos sectoriais de análise: | |
|---|---|
| Caracterización do espazo | • **Unidades territoriais e marítimas.**<br>A zona costeira da Ría de Pontevedra e a súa área de influencia inclúe seis termos municipais cunha alta vinculación en relación á actividade do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola: Bueu, Marín, Pontevedra, Poio, Sanxenxo e Meaño.<br>Estes concellos están repartidos en tres comarcas: Pontevedra, O Salnés e O Morrazo, estas dúas últimas dependentes en alto grado da primeira, especialmente, a niveis administrativos e económicos.<br>En canto a unidades marítimas, a zona costeira proposta polo GAC Ría de Pontevedra inclúe a todos os concellos que forman a Ría de Pontevedra e incorpora Meaño pola súa alta vinculación económica co sector pesqueiro da Ría a través da industria comercializadora e distribuidora.<br>Os concellos inclúen a zona pesqueira II definida pola Consellería do Mar e todas as lonxas desta agás a de Aldán – Hío.<br>• **Sistemas e vías de comunicación.**<br>A nivel zonal, a conexión pola marxe norte da ría faise principalmente pola autovía do Salnés, dadas as condicións de orografía e densidade poboacional da estrada PO – 308 que descorre á beira da ría. Polo sur, a autovía a Marín (PO-11), hoxe se estende case ata o termo municipal de Bueu (EP – 1201) e complementa á estrada PO 546 e a PO – 551. |
| Demografía | • Poboación e distribución territorial. |

[1] Achégase un resumo do informe da diagnose do territorio que se inclúe no documento da EDLP.

<table>
<tr><td></td><td>A poboación concéntrase en torno ao núcleo de Pontevedra, cabeceira de comarca e centro vertebrador da actividade económica xunto co Porto de Marín. Canto maior é a distancia a este núcleo menor é a densidade de poboación.<br>Contabilizando en Pontevedra unicamente a poboación dependente da pesca, a poboación da zona costeira supón 79.152 persoas. A poboación dependente da pesca en todo o territorio achégase ás dez mil persoas.<br>• Análise de evolución, envellecemento, densidade, dependencia, etc. en función de xénero e idade.<br>A evolución poboación ten unha tendencia positiva na cabeceira da comarca (Pontevedra) que arrastra aos concellos do norte: Poio e Sanxenxo. No resto dos concellos a tendencia e estanca ou decrecente.<br>A pirámide poboacional ten o mesmo perfil truncado que caracteriza ao conxunto da poboación galega aínda que o índice de envellecemento é aquí máis baixo que a media acadando o valor de 98. O índice de dependencia global no conxunto do territorio é de 48,2. O índice de dependencia xuvenil é de 21 e o de dependencia senil de 27,2.</td></tr>
<tr><td>Mercado laboral</td><td>• Tipoloxía de contratación e evolución<br>A contratación destes últimos anos decantouse na zona costeira cara contratos eventuais que dispararon a súa importancia ata o o 55 % da contratación realizada. Os contratos por obra e servizo son o segundo grupo máis numeroso; supoñen o 28,4 %. A moita distancia está o contrato de interinidade 7,8 % e moi por baixo o indefinido 3,9 % e os restantes tipos de prácticas, para a formación e outros que xuntos non acadan 5 %.<br>• Poboación laboral activa e desempregada.<br>O paro no conxunto da zona costeira supón 15.677 persoas en cifras do 2014 que representan unha cifra caso o 90 % superior ás magnitudes de antes da crise. Mais o incremento do paro é moi diferente por sexos. Entre os ano 2007 a 2014 o paro masculino incrementouse no 153 % mentres que no colectivo feminino so o 53 %. Ambos valores de incremento de paro están por riba da media galega.<br>• Características da contratación segundo actividade e territorio.<br>O sector que concentra a meirande parte das novas contratacións é o sector servizos que supón o 80,2 %; moi por baixo están o sector industrial, a construción e, en último lugar, a agricultura e a pesca.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | No que respecta ao reparto territorial existe un grande desequilibrio xa que a meirande parte das contratacións concéntranse nas zonas de maior dinamismo económico: Pontevedra, Marín e Sanxenxo. |
| Estrutura económica e empresarial | • Tipos e caracterización das actividades económicas.<br>O sector servizos é con diferencia o máis relevante no conxunto da zona costeira e o que incorpora maior número de traballadores e contribución PIB. Tamén é o máis importante en canto a número de empresas (78,6 %) seguido da construción, a industria e, en último lugar os servizos de subministro de auga e enerxía.<br>• Evolución e caracterización do tecido empresarial.<br>Nos últimos anos a destrución de empresas ten sido na zona costeira máis forte (-5,6 %) que o ritmo medio de Galicia (-2,3 %) afectando especialmente a Pontevedra, Marín e Meaño. |
| Datos do sector pesqueiro | • Número e caracterización das flotas, portos e artes.<br>Nos portos da zona costeira rexístranse 401 embarcacións, algo menos da metade do total no Porto de Bueu; a moita distancia Combarro, Marín e Campelo. A inmensa maioría da flota dedícase á baixura ou son auxiliares da acuicultura. O peso do GAC no conxunto de Galicia é do 7,1 % considerando número de embarcacións. De ter en conta a capacidade de capturas ou a potencia dos buques, a dimensión da flota do GAC Ría de Pontevedra é superior, por exemplo, á da Ría de Arousa que está máis especializada na actividade marisqueira e bateeira.<br>• Evolución de emprego xerado.<br>No ámbito do GAC no últimos anos perdeuse un de cada catro empregos existentes no sector en 2007, é dicir, unha destrucción de emprego do 25,5 %, por riba da media galega que se cifra no 21,9 %.<br>• Caracterización do sector pesqueiro e produción do sector.<br>No que respecta ao reparto do emprego no sector, o maior número de postos de traballo corresponden á pesca mariña seguido a moita distancia da acuicultura mariña e moi de lonxe por actividades de conserva, procesamento e comercialización.<br>A produción é moi diversa sendo as tres especies máis importante o polbo, a ameixa fina e xaponesa, todas por riba do millón de euros en vendas e todas con aumentos de valor no período de 2007 a 2014.<br>• Tipoloxía de produtos comercializados e canles e distribución.<br>As canles de distribución reflicten unha agrupación das vendas cada vez maior ao que as lonxas responden con acordos de venda a distribuidoras. |

| | |
|---|---|
| | • Iniciativas de innovación.<br>Rexístranse no territorio diferentes iniciativas como a de concentración de produto na Lonxa de Bueu que actúa como central de vendas á distribución. Tamén se puxo en marcha a iniciativa conxunta das lonxas da plataforma de agrupación dixital do produto e a nivel empresarial, cada vez son máis as plataformas de venda on line. |
| Datos do sector do turismo | • Caracterización e distribución dos aloxamentos e prazas.<br>A diferencia da media galega o sector turístico de aloxamento na ría de Pontevedra presenta unha merma en número de aloxamentos nos últimos anos (dende o 2009). A pesar disto, a zona conta con preto de 300 establecementos o que supón o 10 % do sector turístico galego.<br>O tipo máis común de aloxamento é o hotel ( 60 % do total) seguido das pensións e os establecementos de turismo rural a moita distancia. O número total de prazas hoteleiras é de 17.984 das que máis de 14.000 se atopan en Sanxenxo.<br>• Caracterización do sector de restauración e hostalería.<br>A restauración e a hostalería ocupan un dos primeiros postos na distribución de empresas do sector servizos con preto de 2000 establecementos no territorio dedicados a servizos de comidas e bebidas. Trátase dun sector moi atomizado de economía familiar, illado en canto a súa forma de traballar e criticado polo sector pesqueiro pola falta de defensa do produto local. |
| Patrimonio medioambiental | • Catálogo dos recursos e caracterización dos mesmos. Hábitats costeiros de importancia para os recursos biolóxicos mariños.<br>As Illas de Ons, a Illa de Tambo e o complexo intermareal Ons – O Grove son os espazos máis salientables xunto coas xunqueiras e as zonas de seca nas que se centra a actividade marisqueira, como ecosistemas litorais. Mais a auga e o elemento natural de maior valor ecolóxico e debe considerarse como un todo ecosistémico no conxunto río – ría. |
| Patrimonio cultural | • Catálogos dos recursos (materiais e inmateriais) e caracterización.<br>O patrimonio cultural reúne bens catalogados como Bens de interese cultural especialmente no que a patrimonio arqueolóxico se refire. O patrimonio cultural industrial ten grandes achegas na costa e vencelladas á tradición mariñeira que achega tamén embarcacións tradicionais e un número indefinido de elementos do patrimonio etnográfico. |

| | |
|---|---|
| Programas ou actuacións de carácter estratéxico | • Repertorio de normas ou medidas estratéxicas que teñen relación co territorio.<br>Unha reclamación estratéxica para o territorio é a consecución do saneamento da Ría. Existe un programa posto en marcha por Augas de Galicia neste sentido que debe axudar á rexeneración da Ría de Pontevedra.<br>En menor medida, a reclamación da aplicación da caducidade da concesión de ENCE é tamén unha postura consolidada no territorio aínda que tamén existe quen pensa que debe manterse en defensa dos postos de traballo. |

## 2. Metodoloxía de traballo. Describir sucintamente o proceso de investigación realizado aclarando, a metodoloxía de traballo e as técnicas empregadas.

O proceso de elaboración da análise diagnóstica caracterizouse por integrar diferentes técnicas de investigación social:

- a metodoloxía de investigación cuantitativa, orientada á análise de información mediante a descrición dunha realidade concreta e baseada en información secundaria.
- a metodoloxía de investigación cualitativa, orientada a recoller as concepcións, opinións e visións da zona costeira, mediante un exercicio de análise e reflexión.
- as metodoloxías participativas, orientadas á conformación de dinámicas que integren a perspectiva da cidadanía e a perspectiva técnica na valoración dos resultados e a diagnose da situación actual do territorio e do Grupo de Acción Costeira.

Un complemento necesario das metodoloxías que implican participación de axentes sociais é a divulgación a través un plan de comunicación das actuacións e obxectivos do traballo a realizar.

O proceso de traballo estrutúrase nas seguintes fases:

1. posta en marcha do proceso e difusión aos axentes sociais.
2. Análise da información secundaria. .
3. Talleres de metodoloxía participativa
4. Redacción da análise diagnóstica do territorio integrando todos os coñecementos.

Posteriormente, comezouse o traballo de definición da estratexia propiamente dita que se desenvolve a partir do coñecemento adquirido do territorio. De novo, este proceso implica o

emprego dunha dobre vertente metodolóxica que se concreta na aplicación de:

- a metodoloxía de investigación cualitativa, orientada a recoller as concepcións, opinión e visións da zona costeira.
- as metodoloxías participativas, orientadas á conformación de dinámicas que integren a perspectiva da cidadanía e a perspectiva técnica na valoración dos resultados e a diagnose e na proposta estratéxica de actuación.

Cada unha destas metodoloxías leva ao desenvolvemento dun plan de comunicación e dun plan de participación, respectivamente.
A participación diferencia entre os espazos de participación – talleres e foro - e os órganos de apoio e asesoramento: a comisión de seguimento e a comisión técnica. O Plan de Comunicación pretende reforzar o proceso de elaboración da Estratexia, mellorando a súa difusión e visibilidade no territorio, e contribuíndo ao enriquecemento da participación.

***Ver apartado 3.1.2. do documento Análise estratéxica.***

## 3.3. Diagnóstico da zona pesqueira (Análise DAFO) e Delimitación das principais necesidades do territorio.

1. Metodoloxía **DAFO**, recollendo as debilidades, amezas, fortalezas e oportunidades do GALP centrándose nas peculiaridades da zona. Expoñerase de maneira clara a información diferenciando os principais ámbitos temáticos, numerando cada un dos factores. Realizarase unha diagnose participativa (grupos, talleres, foros,...), apoiándose tamén noutras fontes e información do conxunto do diagnóstico (análise documental e de fontes primarias). Identificaranse as **necesidades da zona** en función dos ámbitos definidos no diagnóstico.

| | Debilidades | Ameazas | Fortalezas | Oportunidades | Necesidades |
|---|---|---|---|---|---|
| | *SECTOR PESQUEIRO – competitividade* | *SECTOR PESQUEIRO – competitividade* | *SECTOR PESQUEIRO – competitividade* | *SECTOR PESQUEIRO – competitividade* | |
| | *D.1.Disminución dos recursos pesqueiros e* | *A.1.Interceza xeradas polos cambios na regulación do* | *F.1 A calidade do produto pesqueiro, acuícola e* | *O.1. Aumento do valor engadido da produción pesqueira,* | *Melloras de coñecemento para a xestión dos recursos* |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | *marisqueiros e maior frecuencia de episodios de toxina. Redución de TAC's e cotas en determinados recursos pesqueiros que afectan á flota artesanal.*<br>*D.2. Falta de unidade no sector, pouco aberto á introdución de cambios nos hábitos de traballo e adaptación as novas políticas de descartes e capturas accidentais.*<br>*D.3.Pérdida de competitividade por elevados custes de explotación, diminución de recursos pesqueiros e marisqueiros e dispersión das capturas nos diferentes portos da zona.*<br>*D.4. Falta de emprendemento, de acceso aos resultados da innovación e de proactividade dos pescadores para xerar novas oportunidades de negocio.* | *sector, sobre todo por aqueles que introducen novos sistemas de regulación das capturas.*<br>*A.2. Falta de adaptación das vedas e cotas aos stocks das especies, especialmente daquelas que son predadoras de importantes especies comerciais.*<br>*A.3. Falta de etiquetaxe e control na trazabilidade do produto pesqueiro, acuícola e marisqueiro que permite que produto foráneo se confunda no mercado co procedente da actividade pesqueira e marisqueira galega.*<br>*A.4. Escaso control e vixilancia da pesca deportiva.*<br>*A.5. Alto impacto da actividade dos furtivos no mercado provocando incremento ilegal da oferta, baixada de prezos e importantes* | *marisqueiro é obxectiva, recoñecida e valorada polo consumidor.*<br>*F.2. Sector de actividade con peso económico e social no territorio: flota versátil nas diferentes artes e especies e forte sector marisqueiro.*<br>*F.3 Existencia de marcas de calidade para a produción pesqueira como pescadeRías e outras de ámbito local (polbodasrias) ou de garantía de sostibilidade (certificación MSC, xa aplicada á pesquería da navalla da ría).*<br>*F.4.Existencia dunha plataforma de venda conxunta do produto das lonxas da ría (pescadoartesanal.com) a iniciativa do sector e de ámbito zonal.*<br>*F.5. Boa infraestrutura de portos pesqueiros, lonxas, lugares de desembarque e importante desenvolvemento da industria auxiliar.*<br>*F.6. Consolidada tradición e vocación pesqueira con forte presenza feminina, especialmente, no sector marisqueiro.* | *acuícola e marisqueira. A existencia de marcas de calidade e a súa implantación paulatina nas lonxas e comercializadores permitirá a diferenciación do produto local e terá repercusión no prezo do mesmo tanto a nivel local como na súa comercialización fora do territorio.*<br>*O.2. Acondicionamento de infraestruturas portuarias para posta en marcha de novas políticas e sistemas de recollida de residuos mariños, eficiencia enerxética, calidade, trazabilidade, transformación e comercialización dos produtos desembarcados.*<br>*O.3.Proximidade de centros de investigación relacionados co mar.*<br>*O.4. Actividades de turismo mariñeiro aproveitando sinerxías con outras actividades turísticas existentes na zona.*<br>*O.5.Aproveitamento e valorización dos residuos das industrias e actividades pesqueiras, acuícolas e marisqueiras.* | *pesqueiros e marisqueiros.*<br>*Identificación e diferenciación do produto local nas canles de comercialización.*<br>*Sistemas para garantir a trazabilidade en todos os eslabóns da cadea de distribución.*<br>*Fomento do asociacionismo no sector pesqueiro cara o desenvolvemento de iniciativas conxuntas.*<br>*Adaptarse as novas políticas comunitarias de pesca, en especial á prohibición de descartes.*<br>*Achegar o sector pesqueiro á poboación para fomentar a confianza no sector e mellorar a imaxe social das profesións do sector pesqueiro para cubrir* |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *D.5. Falta de relevo xeracional en cargos de responsabilidade tanto empresas como entidades..*<br><br>*SECTOR PESQUEIRO – área de coñecemento*<br><br>*D.6. Descoordinación entre científicos e sector que aprecie falta de transferencia de investigación, tecnoloxía e divulgación dos traballos científicos así como necesidade de actualización máis áxil dos stocks dos recursos mariños na translación ás políticas de TAC's e cotas.*<br><br>*D.7.Necesidade de coñecer efectos previstos do cambio climático e outros fenómenos que afectan aos recursos como políticas de protección ambiental e PPC.*<br><br>*.ECONOMÍA ZONA COSTEIRA - SECTOR TURISMO*<br><br>*D.8.a.Altas taxas de desemprego: volta ao sector pesqueiro de persoas sen* | *danos aos recursos.*<br><br>*A.6. Hábitos de vida que diminúen o consumo de produtos do mar e perda das canles de comercialización tradicionais.*<br><br>*A.7. Desconexión do sector pesqueiro fronte ao resto da poboación.*<br><br>*. ECONOMÍA ZONA COSTEIRA - SECTOR TURISMO*<br><br>*A.8. Procedementos administrativos que actúan como trabas á posta en marcha de actividades de turismo mariñeiro.*<br><br>*A.9. Exceso de publicidade de turismo mariñeiro cando aínda o sector non pode poñer en práctica as actividades turísticas.*<br><br>*A.10. Perda da esencia do territorio, especialmente dos valores da paisaxe, dos asentamentos e a súa arquitectura* | *.ECONOMÍA ZONA COSTEIRA - SECTOR TURISMO*<br><br>*F.7. Alta potencialidade da zona para desenvolvemento de actividades turísticas ligada ao mar: turismo mariñeiro, turismo náutico, actividades de ocio na natureza.*<br><br>*F.8.Existencia de portos deportivos con boas infraestruturas no territorio.*<br><br>*F.9. Ampla oferta turística consolidada con alta demanda na temporada estival.*<br><br>*F.10. Boas comunicacións co exterior tanto por avión,* | *O.6. Xeración de novos ingresos a partir da diversificación.*<br><br>*ECONOMÍA ZONA COSTEIRA - SECTOR TURISMO.*<br><br>*O.7. Zona costeira con alto potencial para a xeración de oferta diversificada de actividades de ocio e tempo libre vinculando a oferta costeira coa do medio rural, presentes ambas no territorio.*<br><br>*O.8. Alta demanda de actividades de turismo experiencial.*<br><br>*O.9. Elevada afluencia de visitantes na zona costeira e existencia de capacidade de acollida nas infraestruturas e servizos turísticos de aloxamento e restauración.* | *as necesidades de relevo xeracional.*<br><br>*Desenvolvemento de novas iniciativas de turismo mariñeiro, tanto polo sector como de forma integrada con outros sectores turísticos e produtivos.*<br><br>*Promoción de actividades turísticas que contribúan á desenstacionalización baseadas nos recursos costeiros e na cultura mariñeira e na práctica de actividades de ocio e tempo libre relacionadas co mar.*<br><br>*Formación cara o emprendemento e formación aplicada a profesións e* |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | *formación profesional e necesidade de capacitación para o emprendemento..*<br><br>*D.8b. Escasa implicación da hostalería e restauración co produto local.*<br><br>*D.8c. Falta de posta en valor dos produtos do sector primario.*<br><br>*D.9. Falta de cooperación e asociacionismo entre as empresas turísticas- xeralmente microempresas familiares – para a xeración dun auténtico destino turístico.*<br><br>*. MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO – RECURSOS DO TERRITORIO*<br><br>*D.10. Forte presión humana sobre a ría que provoca a alteración do ecosistema, das características de auga das rías (recheos que alteran correntes, contaminación industrial, falta de saneamento urbano integral) con efectos* | *tradicional que o vinculan coa cultura mariñeira pola especulación urbanística.*<br><br>*. MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO – RECURSOS DO TERRITORIO*<br><br>*A.11. Invasións de especies foráneas que desprazan os recursos autóctonos e destrúen lugares habituais de cría de especies como o camarón.*<br><br>*A.12. Desenvolvemento de plans de regulación de usos de espazos naturais protexidos que non contemplen debidamente a actividade pesqueira tradicional.*<br><br>*A.13. Falta de concienciación ambiental e xestión inadecuada dos residuos.* | *ferrocarril como autoestrada.*<br><br>*. MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO – RECURSOS DO TERRITORIO*<br><br>*F.10. Existencia de importante patrimonio histórico- artístico, material e inmaterial vinculado á tradición marítimo – pesqueira.*<br><br>*F.11. Entorno natural con espazos e recursos naturais de alto valore ecolóxico e recoñecemento internacional (Parque Nacional das Illas Atlánticas, Zonas ZEPA e ZEC,...)* | *MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO – RECURSOS DO TERRITORIO*<br><br>*O.10. Mellora continua na aplicación dos plans de explotación e novo enfoque de xestión da pesca baseado no principio do rendemento máximo sostible.*<br><br>*O.11. Desenvolvemento de turismo a partir de espazos naturais protexidos e da implantación e difusión da Carta Europea de Turismo Sostible no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.*<br><br>*O.12. Aumento do interese xeral e da preocupación por aspectos ambientais.* | *empregos do sector pesqueiro.*<br><br>*Formación para os axentes do sector*<br><br>*Concienciación ambiental*<br><br>*Mecanismos de adaptación e mitigación fronte o cambio climático.*<br><br>*Fomento do coñecemento e posta en valor de elementos do patrimonio natural e cultural relacionados coa cultura marítima e mariñeira en particular como base para a construción da identidade territorial e a promoción turística.*<br><br>*.* |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | *negativos nos recursos pesqueiros e marisqueiros.*<br>*D.11. Falta de atención aos espazos intermareais de alto valor ecolóxico para o seu estudo e valorización.*<br>*D.12. Escaso coñecemento do patrimonio natural e cultural de elevado valor. Necesidade de actuacións de posta en valor e divulgación, tamén aplicable ao patrimonio marítimo – pesqueiro.* | | | | *Necesidade de actuacións de posta en valor e divulgación, tamén aplicable ao patrimonio marítimo – pesqueiro.* |

## 3.4. Conclusións sobre a situación actual da zona pesqueira.

**Principais conclusións obtidas do diagnóstico**, tendo en consideración a análise do territorio, o DAFO e abordando os elementos sectoriais da análise, e as necesidades da zona. Retos aos cales se propón dar resposta coa estratexia.



# 4. MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA EDLP

## 4.1. A misión da estratexia

| 1. É a meta xeral que actuará como último referente da actuación da entidades. A súa descrición debe ser breve e non superar as dúas liñas. |
|---|
| O GALP Ría de Pontevedra, quere axudar a mellorar as condicións de vida e as oportunidades de desenvolvemento actuais e futuras dos integrantes da comunidade costeira na zona. Facilitará coas súas accións, a competitividade dos produtos e dos produtores, o benestar da veciñanza e o aprecio dos visitantes, construíndo co uso sostible dos recursos do mar, da contorna costeira e da herdanza mariñeira un emblema de desenvolvemento. |

## 4.2. A visión da estratexia

| 1. É o que pretende ser o GALP no futuro. A súa descrición debe ser breve e non superar e non superar as dúas liñas. |
|---|
| O territorio do GALP Ría de Pontevedra será recoñecido, tanto polos seus integrantes como dende fóra, como un exemplo de rexeneración e protección do medio litoral, dos recursos naturais e da herdanza e o patrimonio costeiros. Esta aposta transformarase no principal distintivo de calidade na promoción dos produtos e servizos da zona, garantindo a mellora das oportunidades, a cohesión do territorio e o benestar social. |

## 4.3. Identificar os valores da organización

| 1. Enumerar un parágrafo que defina os valores da organización, ou ben indicar os que vai a asumir esta, e describilos sucintamente. |
|---|
| GALP Ría de Pontevedra é unha organización aberta, de ampla base democrática, facilitadora da gobernanza e da integración e participación activa de todos os axentes de |

representación colectiva: territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados sen ánimo de lucro; interesados en promover o desenvolvemento integral e equilibrado da zona costeira. Tal e como recollen os seus Estatutos, *rexerase polos principios de **REPRESENTACIÓN**, de **OBSERVANCIA** da **LEGALIDADE** e de **DEMOCRACIA** interna no seu funcionamento no marco da Constitución e, no resto do ordenamento xurídico pola Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.*

As actuacións do GALP da Ría de Pontevedra estarán fundamentadas nos seguintes **VALORES**:

- **Valores de calidade nos servizos que ofrece o GALP.**

  O GALP Ría de Pontevedra como entidade colaboradora par a xestión de fondos públicos comprométese cos seguintes valores:
  - **TRANSPARENCIA** no gasto e **EQUIDADE** nas decisións e na xestión dos recursos.
  - **MELLORA CONTINUA** na prestación de servizos facilitando a súa prestacións á cidadanía, e
  - **COOPERACIÓN** e colaboración con outras entidades públicas e privadas.

- **Valores propios da gobernanza inspiradora da entidade:**

  O GALP Ría de Pontevedra ten como xérmolo a promoción da gobernanza do territorio e servir por tanto de axente integrador do mesmo e polo tanto actuará cos seguintes valores de referencia:
  - Fomento da **PARTICIPACIÓN** dos axentes sociais e do empoderamento das comunidades costeiras.
  - Fomento da **COHESIÓN SOCIAL** e **TERRITORIAL** e das iniciativas de **VERTEBRACIÓN**.
  - Fomento do **EMPREGO** de calidade e do **BENESTAR** social.
  - **IGUALDADE** de **OPORTUNIDADES**, promoción activa da **INCLUSIÓN** e do respecto pola **DIVERSIDADE** e **NON DISCRIMINACIÓN** tanto nas actuacións que promova o grupo como nas de terceiros.
  - Protección do **MEDIO AMBIENTE**, das **TRADICIÓNS E DAS PRÁCTICAS SOSTIBLES** e do **PATRIMONIO**.

- A aposta por un **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO SOSTIBLE**, **INTEGRADOR** e **SOCIALMENTE EQUITATIVO**.
- Aposta pola **INNOVACIÓN** e todos os eidos da actuación do GALP, polas melloras na **FORMACIÓN** e polo acceso xeneralizado ao **COÑECEMENTO**.

- **Valores propios da xestión de recursos públicos:**
  - A **ECONOMÍA**, **EFICACIA** e **EFICIENCIA** no gasto público.
  - A **PERTINENCIA** das accións que promova en relación á estratexia definida.
  - A **COHERENCIA** cos obxectivos do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.
  - A **COMPLEMENTARIEDADE** deste programa con outros que paralelamente actúan no territorio.

No contexto da presente Estratexia, o GALP velará polo traslado destes principios e valores a todas as accións promovidas dende o Grupo e encamiñadas á consecución dos seguintes obxectivos que constitúen o cerne da estratexia.

# 5. PLAN DE ACCIÓN

## 5.1. Obxectivos estratéxicos.

1. Identificar os principais obxectivos da estratexia, facéndoo de acordo coas orientacións proporcionadas polo FEMP e cos factores externos e internos do diagnóstico. A súa definición debe ser breve e o seu número limitado.

| ORIENTACIÓN DO FEMP | OBXECTIVO ESTRATÉXICO |
| --- | --- |
| a) aumento del valor, creación de empleo, atracción de jóvenes y promoción de la innovación en todas las fases de la cadena de suministro de los productos de la pesca y la acuicultura; | 1. Aumentar o valor, a creación de emprego, a atracción da mocidade e a promoción da innovación e do coñecemento en todas as |

| | |
|---|---|
| | fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da acuicultura. |
| b) apoyo a la diversificación dentro o fuera del sector de la pesca comercial, al aprendizaje permanente y a la creación de empleo en las zonas pesqueras y acuícolas; | 2. Apoiar á diversificación dentro ou fóra da pesca comercial, apoio ao aprendizaxe permanente, á creación de emprego a á mellora do benestar social na zona costeira. |
| c) impulso y aprovechamiento del patrimonio medioambiental de las zonas pesqueras y acuícolas, incluidas las operaciones de mitigación del cambio climático; | 3. Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, así como contribuír á concienciación cidadá nestes ámbitos. |
| d) fomento del bienestar social y del patrimonio cultural de las zonas pesqueras y acuícolas, incluido el patrimonio cultural pesquero, acuícola y marítimo; | 4. Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural como recurso emblemático na Ría de Pontevedra, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo. |
| e) refuerzo del papel de las comunidades pesqueras en el desarrollo local y de la gobernanza de los recursos pesqueros y actividades marítimas locales. | 5. Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local. |

## 5.2. Obxectivos específicos

1. Indicar os obxectivos específicos, que deben das resposta ás demandas e necesidades identificadas no diagnóstico. Dependerán xerarquicamente dos obxectivos estratéxicos e identificaranse de forma numérica: 1.1, 1.2, 1,.3,... Conterá unha descrición breve do mesmo.

**Obxectivo estratéxico 1 desenvólvese a través dos obxectivos específicos:**

**1.1.** Promover o crecemento económico da Ría de Pontevedra a partir da intensificación dos esforzos na promoción dos produtos, e da mellora de todos os procesos que integran as

actividades da cadea de valor, dende a xestión do recurso e a extracción ata a chegada ao consumidor.

**1.2.** Mellorar a capacitación e as condicións para o emprendemento no tecido produtivo pesqueiro, incrementando as oportunidades de formación dos traballadores e traballadoras e a súa empregabilidade, facilitando o relevo xeracional, as estruturas asociativas e o emprendemento.

**Obxectivo estratéxico 2 desenvólvese a través dos obxectivos específicos:**

**2.1.** Promover o aproveitamento dos recursos do territorio reforzando a asociación da herdanza do mar coas oportunidades para o turismo, a dinamización da actividade económica, e a cohesión social e territorial.

2.2. Contribuír á xeración de emprego a partir da mellora da calidade de vida e a cohesión social e territorial.

**Obxectivo estratéxico 3 desenvólvese a través dos obxectivos específicos:**

**3.1.** Fomentar a conciencia ecolóxica e o aproveitamento sostible do patrimonio ambiental das zonas costeiras para as xeracións actuais e futuras.

**3.2.** Promover iniciativas de posta en valor e protección dos recursos naturais, de redución da pegada de carbono e de mitigación dos efectos do cambio climático.

**Obxectivo estratéxico 4 desenvólvese a través do obxectivo específico:**

**4.1.** Protexer o patrimonio cultural, mellorando a súa identificación e documentación e poñendo en valor os recursos identificados, coa finalidade de reforzar a identidade territorial e o valor da zona costeira.

**Obxectivo estratéxico 5 desenvólvese a través dos obxectivos específicos:**

**5.1.** Promover o intercambio do coñecemento baseado na experiencia con outros territorios entre axentes públicos e privados de todos os sectores participantes no GALP.

## 5.3. Liñas de actuación

1. Indicar as liñas de actuación, que deben das resposta ás demandas e necesidades identificadas no diagnóstico. Dependerán xerarquicamente dos obxectivos específicos. Expresaranse nunha soa liña ou en dúas como moito.

**Obxectivo estratéxico 1:** Aumentar o valor, a creación de emprego, a atracción da mocidade e a promoción da innovación e do coñecemento en todas as fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da acuicultura.

**Obxectivo específico 1.1.** Promover o crecemento económico da Ría de Pontevedra a partir da intensificación dos esforzos na promoción dos produtos, e da mellora de todos os procesos que integran as actividades da cadea de valor, dende a xestión do recurso e a extracción ata a chegada ao consumidor.

**Liñas de actuación (1.1.1 e 1.1.2)**

**1.1.1. Revalorización dos produtos do mar, trazabilidade, diversificación da oferta e melloras na comercialización e na promoción.**

**1.1.2. Mellora da xestión dos recursos e dos procesos da cadea de valor dos produtos do mar, mediante a introdución de novas tecnoloxías e a colaboración cos centros de investigación.**

**Obxectivo específico 1.2.** Mellorar a capacitación e as condicións para o emprendemento no tecido produtivo pesqueiro, incrementando as oportunidades de formación dos traballadores e traballadoras e a súa empregabilidade, facilitando o relevo xeracional, as estruturas asociativas e o emprendemento.

**Liñas de actuación (1.2.1 a 1.2.3)**

**1.2.1 Mellora da gobernanza sectorial, fomento de novos modelos de organización, das estruturas asociativas e cooperativas, estímulo dos novos modelos de negocio Mellora da xestión dos recursos e dos procesos da cadea de valor dos produtos do mar, mediante a introdución de novas tecnoloxías e a colaboración cos centros de investigación.**

**1.2.2. Formación do sector pesqueiro cara o relevo xeraciónal, á mellor adaptación dos traballadores e traballadoras ás necesidades da actividade e á diversificación e integración de negocios.**

**1.2.3. Conexión do sector pesqueiro con outros sectores do territorio costeiro para a promoción do produto da pesca local.**

**Obxectivo estratéxico 2:** Apoiar á diversificación dentro ou fóra da pesca comercial, apoio ao aprendizaxe permanente, á creación de emprego a á mellora do benestar social na zona costeira.

**Obxectivo específico 2.1.** Promover o aproveitamento dos recursos do territorio reforzando a asociación da herdanza do mar coas oportunidades para o turismo, a dinamización da actividade económica, e a cohesión social e territorial

**Liñas de actuación (2.1.1. a 2.1.3)**

**2.1.1. Deseño e iniciativas de turismo desestacionalizado apoiado no sector pesqueiro e a cultura e tradición mariñeira.**

**2.1.2. Mellora da oferta de produtos e servizos de integración intersectorial, abondando en medidas para a desestacionalización do turismo e na sustentabilidade das iniciativas.**

**2.1.3 Promoción e proxección exterior dos recursos, da actividade e do territorio.**

**Obxectivo específico 2.2.** Contribuír á xeración de emprego a partir da mellora da calidade de vida e a cohesión social e territorial.

**Liñas de actuación (2.2.1.)**

**2.2.1 Servizos para a cohesión social e territorial e o benestar**

**Obxectivo estratéxico 3:** Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, así como contribuír á concienciación cidadá nestes ámbitos.

**Obxectivo específico 3.1.** Fomento da conciencia ecolóxica e do aproveitamento sostible do patrimonio ambiental das zonas costeiras para as xeracións actuais e futuras.

**Liñas de actuación (3.1.1. )**

**3.1.1. Mellora da capacidade das comunidades para a adopción de prácticas de conservación, protección, mitigación de impactos sobre o patrimonio natural e para a súa posta en valor**

**Obxectivo específico 3.2.** Promover iniciativas de posta en valor e protección dos recursos naturais, de redución da pegada de carbono e de mitigación dos efectos do cambio climático.

**Liñas de actuación (3.2.1. e 3.2.2.)**

**3.2.1. Iniciativas de redución de impacto ambiental en procesos produtivos.**

**3.2.2. Iniciación de experiencias de colaboración novidosas na conservación, protección, mitigación de danos, rexeneración e posta en valor dos recursos naturais.**

**Obxectivo estratéxico 4:** Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural como recurso emblemático na Ría de Pontevedra, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.

**Obxectivo específico 4.1.** Protexer o patrimonio cultural, mellorando a súa identificación e documentación e poñendo en valor os recursos identificados, coa finalidade de reforzar a identidade territorial e o valor da zona costeira.

**Liñas de actuación (4.1.1. e 4.1.2)**

**4.1.1. Inventario e recompilación de información sobre o patrimonio costeiro**

**4.1.2. Reconstruír, valorizar e contribuír a manter e a difundir o patrimonio con maior vinculación ao mar e ás actividades costeiras.**

**Obxectivo estratéxico 5:** Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local.

**Obxectivo específico 5.1.** Promover o intercambio do coñecemento baseado na experiencia con outros territorios entre axentes públicos e privados de todos os sectores participantes no GALP.

**Liñas de actuación (5.1.1. e 5.1.2)**

**5.1.1. Promoción de actuacións de cooperación no seo do sector pesqueiro para fomentar a súa gobernanza e competitividade dos axentes do GALP co intercambio de experiencias dentro e fóra do sector pesqueiro e dentro e fóra do territorio.**

**5.1.2. Promoción de actividades de cooperación para a diversificación.**

## 5.4. Mapa do Plan de Acción

1. Reflectirase de maneira gráfica nunha táboa, a estrutura de obxectivos estratéxicos, específicos, liñas de actuación e medidas (estrutura de dependencia xerárquica).

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| 1. Aumentar o valor, a creación de emprego, a atracción da mocidade e promoción da innovación e do coñecemento en todas as fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da acuicultura. | 1.1. Promover o crecemento económico da Ría de Pontevedra a partir da intensificación dos esforzos na promoción dos produtos, e da mellora de todos os procesos que integran as actividades da cadea de valor, dende a xestión do recurso e a extracción ata a chegada ao consumidor. | 1.1.1. **Revalorización dos produtos do mar**, trazabilidade, diversificación da oferta e melloras na comercialización e na promoción. | 1. Obradoiros, concursos e actividades promocionais e divulgativas sobre o sector pesqueiro e os seus produtos. Poderán estar orientados, en formato e contido, de maneira diferenciada para tres tipos de público: cidadanía, profesionais do sector e ademais, terán especial incidencia nos nenos e na mocidade. |
| | | | 2. Implementación ou mellora das instalacións de procesado, elaboración, envasado, venta e exportación de produtos do mar de orixe local. |
| | | | 3. Mellora da comercialización mediante o impulso da plataforma de comercialización conxunta "*pescadoartesanal.com*" - ou outras particulares -, do seu posicionamento a nivel nacional: incremento da oferta agregada dende o portal, formación e captación de usuarios, promoción, etc. |
| | | | 4. Realización e apoio ás festas e iniciativas gastronómicas, á súa coordinación e organización en rede, que promocionen o produto pesqueiro e marisqueiro local e fomenten a variedade no seu consumo. Estas iniciativas deberán tamén favorecer a integración cos produtos locais da terra e a transmisión do valor da tradición gastronómica e a cultura mariñeira local. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| | | | 5. Apoio aos selos de garantía e ás iniciativas para mellorar a trazabilidade (especialmente aos xa establecidos). Apoiadas nas novas tecnoloxías, e na mellora da formación dos operadores, a medida perseguirá a extensión a toda a cadea de comercialización como medio para a posta en valor e para a diferenciación do produto local. |
| | | | 6. Fomentar a maior diversificación da oferta e do consumo coa identificación de novas posibilidades para o cultivo e a promoción de especies aínda pouco coñecidas, desaproveitadas ou pouco apreciadas. |
| | | | 7. Realización de estudos sobre as posibilidades de mellora da comercialización de especies pouco coñecidas ou pouco apreciadas |
| | | 1.1.2. Mellora da **xestión dos recursos e dos procesos da cadea de valor dos produtos do mar**, mediante a introdución de novas tecnoloxías e a colaboración cos centros de investigación. | 8. Realización de estudos sobre as posibilidades de cultivo e aproveitamento de novas especies na zona costeira. |
| | | | 9. Melloras nos procedementos e procesos da xestión dos recursos e cadea de valor dos produtos do mar, como xestión de descartes. Desenvolvemento de iniciativas con finalidade demostrativa. |
| | | | 10. Creación de espazos de encontro entre todos os axentes do sector pesqueiro produtivo e o sector científico, que regularmente e como resultado dun plan estratéxico promovan alianzas para compartir coñecemento e afondar na súa aplicación e na das novas tecnoloxías. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| | 1.2. Mellorar a capacitación e as condicións para o emprendemento no tecido produtivo pesqueiro, incrementando as oportunidades de formación dos traballadores e traballadoras e a súa empregabilidade, facilitando o relevo xeracional, as estruturas asociativas e o emprendemento. | L.1.2.1. Mellora da gobernanza sectorial, fomento de novos modelos de organización, das estruturas asociactivas e cooperativas e estímulo dos novos modelos de negocio | 11. Accións formativas sobre cooperativismo e asociacionismo no sector pesqueiro. |
| | | | 12. Iniciativas asociativas e de cooperación do sector pesqueiro e integración con outros sectores, para a prospección e a introdución en novos mercados. |
| | | | 13. Iniciativas para a diminución dos custos operativos (compras e abastecementos, promoción, loxística, etc.) mediante a asociación e a cooperación entre os axentes e as infrastructuras do sector. |
| | | | 14. Desenvolvemento de novos modelos de negocio e iniciativas empresariais baseados na produción da ría (novos servizos soportados nas TIC, asesores persoais para as compras de peixes e mariscos, empresas pop-up, etc.). |
| | | L.1.2.2 . Formación do sector pesqueiro cara o relevo xeraciónal, a mellor adaptación dos traballadores e traballadoras ás necesidades da actividade e á diversificación e integración de negocios. | 15. Creación de aulas medioambientais para fomentar a concienciación sobre o medio e os recursos e sobre as consecuencias da xestión sostible na competitividade do territorio e, en particular, do sector pesqueiro. |
| | | | 16. Iniciativas de capacitación e empoderamento do sector pesqueiro para unha mellora na explotación do recurso e da xestión do seu negocio, facendo especial fincapé nas habilidades dixitais. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| | | | 17. Medidas de recuperación do atractivo e da empregabilidade dos oficios mariñeiros en risco de extinción: redeiras, carpintería de ribeira, etc. |
| | | | 18. Formación e recuperación do interese polos oficios do mar. |
| | | | 19. Formación aos comercializadores para mellorar a comunicación aos consumidores, de procedencia local ou do estranxeiro, do valor diferencial do produto local. Fomento da aprendizaxe mediante a promoción de boas prácticas entre comercializadores e consumidores. |
| | | L 1.2.3 Conexión do sector pesqueiro con outros sectores do territorio costeiro para a promoción do produto da pesca local. | 20. Iniciativas de integración innovadoras e lúdicas dentro das prazas de abastos para facilitar a compra, a mellor implicación da restauración, a innovación gastronómica e promoción das vantaxes do consumo do produto local, incluido os premios para as iniciativas máis destacadas. |
| | | | 21. Establecemento de alianzas intersectoriais para chegar co produto local, claramente diferenciado, a novas canles de comercialización, reforzando a diversificación e o atractivo na oferta turística costeira. |
| | | | 22. Iniciativas de asociacionismo e cooperativismo do sector extractivo e transformador co sector HORECA na promoción do consumo dos produtos locais. |
| 2. Apoiar á diversificación dentro ou fóra da pesca comercial, apoio ao aprendizaxe permanente, á | 2.1. Promover o aproveitamento dos recursos do territorio reforzando a asociación da herdanza do mar coas | L 2.1.1. Deseño e iniciativas de turismo desestacionalizado apoiado no sector pesqueiro e a súa cultura | 23. Fomento da conexión do turismo mariñeiro coas actividades náuticas, coas embarcacións de recreo e pasaxe e coas embarcacións tradicionais, procurando a integración destas actividades no desenvolvemento do turismo mariñeiro. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| creación de emprego e a mellora do benestar social na zona costeira. | oportunidades para o turismo, a dinamización da actividade económica, e a cohesión social e territorial | | 24. Creación de rutas turísticas que inclúan visitas a pescadores, mariscadores, lonxas, prazas, sendas litorais, sendas fluviais, etc. e que sexan educativas tanto para nenos como adultos. |
| | | L 2.1.2 Mellora da oferta de produtos e servizos de integración intersectorial, abondando en medidas para a desestacionalización do turismo e na sostibilidade das iniciativas. | 25. Ría-saúde-deporte: iniciativas que conecten aos axentes especializados nestes ámbitos e  evidencien a idoneidade dos recursos e os espazos da Ría de Pontevedra para o fomento dos hábitos saudables na poboación local e nos visitantes (dotación infraestructuras portos deportivos, equipamentos e actividades). |
| | | | 26. Impulso ao desenvolvemento de iniciativas que mellores a oferta turismo do mariñeiro coa participación de todos os sectores comprometidos coa produción local e o uso sostible do territorio (hostalería). |
| | | | 27. Impulsar MarGalaica como plataforma integradora de servizos de ocio e lecer á cidadanía. |
| | | | 28. Formación dos axentes que interveñen na integración co sector turístico de cara a mellora da súa oferta e profesionalidade (idiomas, atención ao cliente, uso de novas tecnoloxías, etc.). |
| | | | 29. Rehabilitación e creación de espazos con iniciativas de interpretación: lonxas, prazas, pequenas salas de cine, locais nos portos e nas vilas,… que sustenten e valoricen as tradicións costeiras. |
| | | | 30. Promoción e desenvolvemento do turismo ambiental e ecolóxico, destacando na oferta as accións do GALP na recuperación de zonas e na valorización da contorna costeira. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
| --- | --- | --- | --- |
| | | | 31. Mellorar e completar a oferta das instalación hostaleiras de baixo impacto ambiental dentro da zona costeira tais como os albergues ou os servizos para a acollida de caravanas, entre outros. |
| | | | 32. Iniciativas para facilitar e promover o aliñamento e a coordinación da acción do GALP e dos seus axentes coa Axenda de adaptación do Parque das Illas Atlánticas á Carta Europea de Turismo Sostible e, en xeral, iniciativas de turismo sostible. |
| | | L 2.1.3 Promoción e proxección exterior dos recursos, da actividade e do territorio | 33. Estudo das experiencias de turismo de zonas costeiras en outros países. Identificación de boas prácticas imitables e difusión entre os colectivos do GALP. |
| | | | 34. Intercambios con outros territorios, nacionais e internacionais, sobre diversificación do turismo nas zonas de costa. |
| | | | 35. Tradución dos materiais de promoción da oferta turística integrada na estratexia do GALP ós idiomas dos países que máis nos visitan. |
| | | | 36. Deseño e desenvolvemento dun plan específico de comunicación e promoción do territorio do GALP e da Ría de Pontevedra como un produto que agrega paisaxe, gastronomía, arquitectura, natureza, etc. |
| | 2.2. Contribuír á xeración de emprego a partir da mellora da calidade de vida e a cohesión social e territorial. | 2.2.1. Servizos para a cohesión social e territorial e o benestar | 37. Creación de servizos a terceira idade |
| | | | 38. Iniciativas para facilitar conciliación familiar dos colectivos de traballadores e traballadoras en actividades claramente integradas na estratexia do GALP. |
| | | | 39. Medida de integración de colectivos con risco de exclusión nas actividades promovidas ou integradas na estratexia do GALP. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| | | | 40. Programa de emprego inter-municipal. Fomento das oportunidades de emprego na zona costeira: bolsa de emprego, iniciativas para facilitar e propiciar o relevo xeracional...Favorecerase a consideración da inclusión de colectivos de difícil integración e o fomento da igualdade. |
| | | | 41. Iniciativas de mellora da mobilidade (accesibilidade, mobilidade laboral,….) |
| 3. Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, así como contribuír á concienciación cidadá nestes ámbitos. | 3.1. Fomentar a conciencia ecolóxica e o aproveitamento sostible do patrimonio ambiental das zonas costeiras para as xeracións actuais e futuras. | L.3.1.1. Mellora da capacidade das comunidades para a adopción de prácticas de conservación, protección, mitigación de impactos sobre o patrimonio natural e para a súa posta en valor | 42. Organizar seminarios e obradoiros dirixidos a escolares, xente do mar e público en xeral para incrementar a concienciación ambiental. Por exemplo: campamentos, obradoiros escolares en temas ambientais, divulgación de ecosistemas mariños, concienciación sobre as consecuencias e posibilidades de acción fronte ao cambio climático, etc. |
| | | | 43. Fomentar asociacionismo ambiental e a colaboración do GALP coas organizacións e agrupacións ambientalistas e de protección do patrimonio, fomentando a súa participación en iniciativas de divulgación sobre a conservación do medio e os usos tradicionais do mar. |
| | | | 44. Formación a medida para o aproveitamento e xestión de recursos do sector primario de xeito sostible / ecolóxico (produción, transformación e venda). |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| | | | 45. Colaboración coas ANPAS e os colexios e centros de educación secundaria para a definición e o desenvolvemento de iniciativas perdurables (non puntuais nin illadas) de concienciación dos máis novos nos valores da protección ambiental, do patrimonio e dos usos tradicionais do mar e do medio costeiro. |
| | 3.2. Promover iniciativas de posta en valor e protección dos recursos naturais, de redución da pegada de carbono e de mitigación dos efectos do cambio climático. | L.3.2.1. Iniciativas de redución de impacto ambiental en procesos produtivos. | 46. Formación e dotación de equipamentos anticontaminación para instalacións costeiras. |
| | | | 47. Implementación de sistemas de uso das enerxías limpas e de melloras nos procesos que leven aparellada a diminución de custos, a redución da pegada ecolóxica e a maior eficiencia no desempeño da actividade. |
| | | L.3.2.2 Iniciación de experiencias de colaboración novidosas na conservación, protección, mitigación de danos, rexeneración e posta en valor dos recursos naturais. | 48. Colaboración e acción coordinada dos axentes do GALP nas accións de promoción, protección e conservación dos recursos de interese ambiental, paisaxístico e cultural, en especial dos espazos singulares da Ría de Pontevedra, por exemplo da Illa de Tambo ou o Parque Nacional das Illas Atlánticas. |
| | | | 49. Fomento da colaboración inter-municipal en actividades de recuperación e conservación ambiental, arquitectónica e urbanística, propiciando a implicación das institucións, das organizacións e da cidadanía, e orientada á xeración de actividades produtivas e ós recursos autóctonos da terra e do mar. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| | | | 50. Experiencias relativas á recollida de lixo das embarcacións e traída a porto. Fomento das boas prácticas na xestión do lixo e da reciclaxe en todas as facetas da actuación do GALP. |
| | | | 51. Iniciativas para o desenvolvemento e dinamización da Axenda estratéxica para a Recuperación do entorno da Illa de Tambo. |
| | | | 52. Limpeza regatos, e colaboración en actuacións de rexeneración forestal para evitar riadas, deterioro das condicións ambientais da ría e perda de produtividade marisqueira. |
| | | | 53. Iniciativas de colaboración na rexeneración e limpeza de areais e mellora da calidade das augas na Ría de Pontevedra. |
| | | | 54. Actuacións encamiñadas a facilitar a detección rápida e a evitar a propagación das especies exóticas, especialmente das invasoras, e desenvolver iniciativas para o seu control. |
| 4. Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural como recurso emblemático na Ría de Pontevedra, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo. | 4.1. Protexer o patrimonio cultural, mellorando a súa identificación e documentación e poñendo en valor os recursos identificados, coa finalidade de reforzar a identidade territorial e o valor da zona costeira. | L.4.1.1. Inventario e recompilación de información sobre o patrimonio costeiro | 55. Abondar no inventario do patrimonio cultural na zona, integrando a implicación de expertos no proceso, co obxectivo de identificar e reforzar as oportunidades para a mellora da calidade de vida dos veciños e o atractivo para un turismo sostible e de calidade. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| | | | 56. Recompilación e posta en valor do coñecemento dos "vellos do mar" apoiando ás entidades locais para a súa posta en práctica coa inclusión de todos os segmento da actividade. A medida comprenderá ademais a relación do coñecemento dos vellos do mar coa conservación do medio mariño e costeiro. |
| | | L 4.1.2 Reconstruir, valorizar e contribuir a manter e a difundir o patrimonio con maior vinculación ao mar e ás actividades costeiras | 57. Desenvolvemento de roteiros costeiros e mariños para dar a coñecer o patrimonio natural e cultural da zona. |
| | | | 58. Restauración do patrimonio industrial tradicional: salgas, portos, estaleiros, muíños, etc. |
| | | | 59. Promoción de actividades de recuperación e exaltación das embarcacións tradicionais. |
| | | | 60. Posta en valor dos elementos da arquitectura tradicional mariñeira na zona. |
| | | | 61. Posta en valor doutros elementos da tradición mariñeira: artes de pesca, aparellos e ferramentas de traballo, arquivos documentais, arquivos fotográficos e audiovisuais, etc. Aproveitamento das aulas da natureza para a exposición deste patrimonio. |
| | | | 62. Promoción do patrimonio cultural a partir da dixitalización dos servizos de información e comunicación sobre o patrimonio costeiro e facilitar a comunicación e a promoción mediante o uso das novas tecnoloxías. |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | Liñas de actuación | Medidas |
|---|---|---|---|
| 5. Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local. | 5.1. Promover o intercambio do coñecemento baseado na experiencia con outros territorios  entre axentes públicos e privados de todos os sectores participantes no GALP. | 5.1.1. Promover actuacións de cooperación  no seo do sector pesqueiro para fomentar a súa gobernanza e competitividade | 63. Formación práctica a través da creación dunha plataforma de intercambio de experiencias e de coñecemento con outras zonas costeiras de referencia de dentro e fóra de Galicia. |
| | | | 64. Uso de novas tecnoloxías para a posta en contacto dos colectivos do sector pesqueiro para procurar novos proxectos e iniciativas comúns. |
| | | 5.1.2..Promoción da aprendizaxe permanente dos axentes do GALP co intercambio de experiencias dentro e fora do sector pesqueiro e dentro e fora do territorio. | 65. Foros que poñan en contacto ao sector pesqueiro e o sector turístico e hostaleiro no que se identifiquen oportunidades para accións en rede, en beneficio mutuos e onde se estimulen as oportunidades de colaboración tanto no plano local como para a proxección internacional. |
| | | | 66. Promover unha rede internacional de vilas mariñeiras. |

## 5.5. Fichas de medidas

1. Realizarse unha presentación das medidas de cada liña de actuación. Para cada medida estableceranse as súas orientacións empregando o seguinte modelo:

Para cada unha das medidas inclúese unha ficha coa descrición dos seguintes aspectos:

- Liña de actuación na que se enmarca.
- Obxectivos xerárquicos aos que responde.
- Descrición sucinta do contido da medida.
- Potenciais beneficiarios. Á hora de definir os potenciais beneficiarios consideráronse as limitacións establecidas no período anterior para beneficiarios de proxectos produtivos e non produtivos. Na medida en que a orde de axudas que aprobe a Consellería do Mar modifique a tipoloxía dos beneficiarios, deberá revisarse tamén os potenciais beneficiarios aquí contemplados.
- Resultados previstos. Indicadores de resultados que deberán contemplarse na medida e xenéricos para ela. Deberá comprobarse a súa idoneidade para cada proxecto en particular.
- Rango de intensidade de axuda. Atribúese as medidas a intensidade da axuda que poden ter proxectos que se inclúan nesta medida en función do seu carácter produtivo ou non segundo os valores máximos do anterior período de financiamento. En todo caso estes valores quedaran establecidos na orde de axudas que aprobe a Consellería do Mar coas bases reguladoras das axudas.

Estas fichas están elaboradas en formato de base de datos e xúntanse como **Anexo 5.5. Fichas de medidas** nunha listaxe conxunta de todas elas para unha maior facilidade de interpretación e comparación.

## 5.6. Carácter integrado e multisectorial da estratexia

| 1. Describir o carácter integrado e multisectorial da estratexia. A estratexia debe responder a un enfoque integrado (reunir á cadea de valor da pesca-produción, transformación e comercialización-con outros actores ou sectores económicos da zona) e multisectorial, de xeito que considere os efectos multiplicadores dos diversos sectores con presenza no territorio. |
|---|
| A estratexia do GALP Ría de Pontevedra establécese para un espazo de conexión e interdependencia de todos os sectores que desenvolven a súa actividade na zona costeira, e que dependen, profundamente, dos recursos do mar e dos activos deste territorio. A estratexia propón, por unha banda, reforzar decididamente a competitividade da cadea de valor do sector pesqueiro e, por outra, e complementariamente, multiplicar as oportunidades que derivan da importancia e do arraigo que estas actividades teñen como atractivo turístico e como acervo patrimonial.<br><br>A estratexia tense deseñado baixo a perspectiva participada por todos os actores da zona de que a mesma deberá ter efecto no presente e no futuro da Ría de Pontevedra. É este o motivo fundamental polo que o uso sustentable, a protección e defensa do medio e dos recursos naturais desta contorna, constitúense nun piar emblemático sobre o que desenvolver as actuacións enmarcadas na estratexia.<br><br>Esta perspectiva sobre o que supón o carácter integrado e multisectorial da estratexia se ben ten especial apoio nas Liñas de Actuación que responden ao Obxectivo Específico 2.1, está con claridade tamén presente nas Liñas correspondentes aos demais Obxectivos Específicos, especialmente na 1.2.3. e nas do obxectivo específico 5.1. Deste xeito cabe destacar a consideración integrada de toda a cadea de valor do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, dende o sector primario ata a industria elaboradora transformadora, ós servizos asociados e todas as actividades interdependentes da actividade pesqueira. Esta perspectiva chega ate a consideración da cidadanía, dos consumidores tanto locais como foráneos como axentes fundamentais na revalorización dos produtos e na reactivación da actividade económica. Asemade, cando se abordan as liñas de actuación que teñen relación coa conservación e a posta en valor do patrimonio, a estratexia aposta por unha consideración integral das diferentes formas de patrimonio: natural, cultural, arqueolóxico, arquitectónico, etnográfico, gastronómico, etc. O GALP da Ría de Pontevedra fai esta aposta, considerando que esta é a perspectiva que de xeito transversal pode ter maior incidencia e significación no incremento das oportunidades de reforzar a actividade económica, das posibilidades de traballo, das condicións de vida e do atractivo da zona para as xeracións actuais e futuras da zona costeira. |

## 5.7. Carácter innovador da estratexia

1. Describir os aspectos ou elementos innovadores da estratexia no contexto local e indicar como se fomentará a innovación a escala local.

A estratexia do GALP Ría de Pontevedra integra de xeito transversal o carácter innovador. Esta perspectiva correspóndese coa aposta dos axentes deste territorio polo crecemento intelixente e sustentable como base para a competitividade e o desenvolvemento local, en liña coas recomendacións que ao respecto establece o propio FEMP e as políticas marco de referencia para a estratexia.

O carácter innovador das accións amparadas polo GALP Ría de Pontevedra, haberá de materializarse tanto nas melloras nos procesos e dos produtos ós que a acción do GALP poida prestar apoio, coma nas maneiras de mellorar os modelos organizativos e de administración, as conexións entre os sectores, as comunicacións entre os axentes da comunidade, as relacións da industria e da cidadanía coa ciencia e os centros de xeración de coñecemento, etc. Para conseguilo, promoverá a incorporación dunha base sólida de coñecemento nas propostas, a posta en valor da experiencia e das boas prácticas, e sempre que sexa oportuno, das novas tecnoloxías. En definitiva, o GALP-Ria de Pontevedra favorecerá o carácter innovador das iniciativas produtivas e non produtivas asociadas aos diferentes obxectivos da estratexia e mesmo da propia acción dinamizadora do GALP como organización.

Así a innovación deberá estar presente na modernización do tecido produtivo e marcar as actuacións para a mellora da competitividade, será un claro factor multiplicador das conexións intersectoriais e da xeración de novas oportunidades de emprendemento e de emprego e permitirá a diferenciación e a excelencia nas accións para a conservación e a protección do medio natural e do patrimonio. Esta transversalidade do carácter innovador será fortemente potenciada mediante a estratexia de comunicación do GALP e apoiada nos procesos de valoración e selección das candidaturas de proxectos.

O GALP Ría de Pontevedra, na diagnose do seu territorio, amosa que se dan condicións de vantaxe na zona para poder acadar os obxectivos que se propoñen no tocante á innovación. Destacan por unha banda, a proximidade a un bo número de centros de investigación con actividade de transcendencia internacional; e por outra o nivel de estudos medio da poboación, que ofrece un potencial moi interesante para unha máis rápida incorporación do coñecemento técnico e científico na actividade cotiá. Por último, cabe ter presente que a innovación e a incorporación da tecnoloxía e do coñecemento nos procesos produtivos de calquera territorio, do mesmo xeito que a atención a sustentabilidade ambiental, é obxecto de atención por moi diversos programas e mecanismos de financiamento. O GALP aspira a converterse en peza fundamental para facer palanca no aproveitamento destes recursos polos axentes do territorio.

## 5.8. Contribución da estratexia á creación de emprego

1. Incidencia que se espera da estratexia sobre o emprego. Medidas para promover o aumento do emprego. Creación de novas oportunidades para mulleres e mocidade.

A creación de novas oportunidades para o traballo e a non destrución de emprego na Ría de Pontevedra é una prioridade compartida por todos os axentes que integran o Grupo. Por este motivo, as oportunidades para o traballo aparecen recollidas en dous dos cinco obxectivos de carácter estratéxico de forma explícita, e considéranse implicitamente integradas en todos os obxectivos de carácter específico agás ún -concienciación e formación ambiental- que supón unha mellora da empregabilidade dos beneficiarios. As perspectivas dende as que se propón afrontar a problemática do emprego inclúen, en consonancia co que establece o regulamento do FEMP, as seguintes:

- as oportunidades de formación e capacitación, con medidas específicas asociadas a todos os obxectivos específicos da estratexia,
- fomento do emprendemento e da innovación, e de novos modelos de negocio e de economía social como segmentos con potencial para novas e mellores oportunidades de traballo,
- a mellora da competitividade do sector pesqueiro e a dignificación das profesións do mar na procura do relevo xeracional,
- a xeración de novas oportunidades de desenvolvemento asociadas ás conexión intersectoriais,
- a xeración de novas oportunidades, servizos e iniciativas de emprendemento relacionadas cun mellor aproveitamento dos activos culturais e naturais do territorio costeiro.

O factor crítico no deseño da estratexia que se propón é o incremento da empregabilidade. A importancia e o atractivo turístico do territorio ten sido clave no dinamismo do sector da construción previamente á crise dos últimos anos. O estalido da burbulla inmobiliaria e financeira tivo repercusións notables para o emprego na zona, afectando a colectivos de idade en etapas centrais da vida laboral. A insuficiente absorción dese capital humano por outros sectores de actividade pon de manifesto a necesidade de incrementar os esforzos na adaptación dos perfiles á demanda, en estimular novos segmentos de actividade, e moi especialmente, en facilitar o emprendemento.

De maneira transversal ademais, mediante a consideración destes aspectos nos criterios de avaliación das propostas, o GALP favorecerá aquelas iniciativas que teñan en consideración a xeración de oportunidades para os colectivos con máis dificultades de integración e de acceso ao mercado laboral, sexa por motivos de discapacidade, por falta de experiencia, por períodos longos de desemprego, por razón de sexo (muller), de idade (mocidade), etc.

## 5.9. Contribución da estratexia á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á non discriminación

| 1. Análise dos problemas de xénero e inclusión social. Mecanismos contemplados para promover á igualdade e non discriminación. |
|---|
| A igualdade entre mulleres e homes nas oportunidades de acceso e a promoción no mercado laboral e o fomento da participación da muller nas actividades da contorna costeira, aparece tamén destacado nas prioridades do FEMP e é outro dos elementos integrados na estratexia do GALP Pontevedra de maneira transversal.<br><br>A análise DAFO presentada, recolle entre as fortalezas da zona a forte presenza das mulleres nalgúns sectores de actividade. Na análise DAFO faise especial alusión ao marisqueo pero a presencia maioritaria das mulleres é moi salientable en moitos outros segmentos da actividade, tanto propia do sector pesqueiro coma nos sectores cos que propiciar as conexións e actuacións en cooperación. No sector pesqueiro cabe mencionar ademais da incuestionable presencia da muller no marisqueo a pé, a que corresponde á comercialización, a presenza maioritaria das mulleres na transformación dos produtos en salas de elaboración de conxelado, nas depuradoras e cocedoiros e nas conserveiras, a presenza en actividades auxiliares como a confección e reparación de aparellos, etc. A presenza das mulleres tamén é elevada na hostalería, nos servizos asistenciais, na distribución e mesmo no ensino.<br><br>A igualdade deberá de ser promovida a todos os niveis, facilitando a promoción profesional a través das medidas de formación, favorecendo as accións de emprendemento en feminino, coa prestación de servizos asistenciais e facilitadores da conciliación familiar, etc. Os mecanismos de valoración dos proxectos integran algúns destes criterios para ofrecer garantías de que a acción do GALP é decidida en dar respaldo a esta situación estrutural e á prioridade recoñecida polo FEMP. |

## 5.10. Contribución ao principio de desenvolvemento sostible

| 1. Contribución da estratexia á sostibilidade ambiental |
|---|
| A estratexia e o plano de actuación que se presentan neste documento, están definitivamente marcados en todas as súas compoñentes pola prioridade máxima de corresponder á necesidade do |

desenvolvemento sostible. Esta aposta aparece manifestada sen ambaxes na Misión do GALP e na Visión que se persegue, así coma nos obxectivos estratéxicos, específicos e na concreción de numerosas medidas asociadas a varias das liñas de actuación. Se ben dende o GALP Ría de Pontevedra se pretende transmitir e salientar a consideración transversal e prioritaria desta compoñente da estratexia, son, se cadra, o conxunto de liñas máis destacadas nesta dirección (polo seu enfoque directo cara ao patrimonio natural e a conciencia ambiental) aquelas que se recollen en relación cos obxectivos específicos 3.1. e 3.2 da estratexia.

Entre as actuacións comprometidas, na aposta do GALP polo crecemento sostible e respectuoso co medio ambiente, figuran tanto as orientadas a favorecer a adaptación ás necesidades presentes e futuras de protección do medio e dos recursos naturais no territorio costeiro, como as relativas á sostibilidade social e económica. Son numerosas as iniciativas orientadas a incrementar e compartir o coñecemento sobre o medio, sobre os recursos e sobre o impacto que a actividade antropoxénica ten sobre os mesmos.

A estratexia non quere so incrementar o coñecemento dispoñible e a súa difusión, senón ademais comprométese a favorecer as experiencias prácticas de aplicación dese coñecemento na protección, na conservación e, en definitiva, no seu traslado a unha aposta por un modelo de desenvolvemento perdurable, que garanta as mesmas ou mellores oportunidades de vida para as xeracións futuras da comunidade costeira. As institucións, a cidadanía, a industria, os produtores primarios, e os diferentes colectivos presentes na comunidade, co apoio do GALP, haberán de asumir e poñer en práctica un compromiso de adopción de mellores prácticas para facer realidade o avance cara ao desenvolvemento sostible. Esta aposta está tamén fortemente apoiada polas medidas que se recollen ao amparo dos obxectivos estratéxicos 1 e 2 (obxectivos específicos 1.1 e 2.1). Aspectos como a trazabilidade en toda a cadea de valor, a aposta polo consumo de proximidade, a eficiencia dos procesos de produción e de extracción, as prácticas de mellora na xestión e do tratamento dos refugallos, a diversificación da actividade da produción e do consumo, a aposta por un modelo de turismo ecolóxico, fortemente reforzado polo atractivo natural e cultural da zona costeira, etc., constitúen eslavóns interdependentes dunha cadea de accións necesarias para facer realidade a visión do GALP, claramente fundamentada na procura do desenvolvemento sustentable da Ría de Pontevedra.

Como elemento esencial na sustentabilidade da zona, a estratexia ten integrado a recuperación, conservación e posta en valor de todas as formas de patrimonio, considerando que este é tamén un compoñente esencial para o desenvolvemento sustentable do territorio. Ademais do patrimonio natural, as actuacións previstas sobre o patrimonio cultural, arquitectónico, etc., - asociadas na estratexia ao Obxectivo específico 4.1.-, son esenciais para incrementar o atractivo turístico e para mellorar a calidade de vida dos habitantes. Casos ven destacados e recoñecidos, como é o de Pontevedra, que poñen de relevo os esforzos nesta dirección aparecen sinalados no diagnóstico da estratexia.

Finalmente, non cabe entender o desenvolvemento sostible se en relación co mesmo non se teñen en conta as condicións de vida e o benestar dos cidadáns, das xeracións actuais e futuras. As oportunidades para o emprego e o uso sustentable dos recursos e do territorio son esenciais, pero tamén o son as prestacións e mecanismos que permiten ofrecer maiores garantías de benestar social. Así, o obxectivo específico 2.2. da estratexia, vai orientado a reforzar a prestación de servizos que se teñen identificados como necesarios no territorio, podendo o GALP da Ría e os seus axentes actuar de xeito coordinado e subsidiario para ofrecer mellores prestacións neste contexto

## 5.11. Complementariedade, coordinación e cooperación con outros instrumentos ou intervencións na zona

1. Indicar se existen sistemas de coordinación que garantan unha sinerxía con outros fondos, instrumentos ou políticas territoriais. Describiranse os sistemas que garanten a coherencia da estratexia coas intervencións doutros programas e liñas de axuda que se implanten no territorio, en particular con outros programas de desenvolvemento local de filosofía Leader.

Tanto a través de accións non produtivas específicas como coa labor de dinamización do GALP, haberá de procurarse de maneira activa unha axeitada cooperación e conexión con outros elementos de intervención na mellora das condicións de vida e desenvolvemento da zona costeira que sen formar parte directamente integrada no GALP poidan axudar ao alcance dos seus obxectivos. Conscientes das reticencias e confusión que pode xerar nos beneficiarios e usuarios das actuacións do GALP a multiplicidade de instrumentos e entidades dinamizadoras, o GALP realizará un esforzo, mediante a política de comunicación e a creación dunha unidade de soporte para prestar información e lograr a acción coordinada e sinérxica cos instrumentos e as organizacións.

A modo de exemplo e sen pretender a total exhaustividade nas referencias, destácanse:

**Programas estratéxicos**

- Estratexia galega de Acuicultura (ESGA).
- Plan integral de Turismo de Galicia (PITG).
- Estratexia da paisaxe de Galicia.
- Plan de ordenación do Litoral.

**Programas de financiamento**

A nivel rexional:

- Outras ordes de financiamento no FEMP (diferentes Eixos)

- Mecanismos de financiamento da I+D+I – e RIS3.
- Mecanismos de financiamento para o emprego e a formación da Consellería de Traballo e da Fundación Tripartita.
- Mecanismos de financiamento e promoción empresarial (IGAPE)

A nivel estatal:

- Mecanismos do FEMP xestionados dende a administración central
- Financiamento de I+D+i: Plan Estatal –Retos da Sociedade e CDTI
- Mecanismos de promoción do comercio internacional ICEX
- Mecanismos de financiamento industrial ICO
- Mecanismos de fomento do emprego: Sistema de Garantía Xuvenil
- Programa de axudas da Fundación Biodiversidad.

Mecanismos de financiamento transnacional:

- Programas de cooperación transnacional, transrexional e transfronteiriza: INTERREG
- Programa Life 2014-2020
- Programa H2020
- Programa Erasmus+

Tamén deben establecerse mecanismos de coordinación con outras entidades que poñan en marcha proxectos estratéxicos participativos con outros fondos comunitarios como FEADER ou FEDER.

- Programas de desenvolvemento rural (FEADER).
- Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable (FEDER) A estes fondos están concorrendo actualmente as administacións locais da zona costeira coma, por exemplo, o Concello de Marín que ten posta en marcha a iniciativa Marín 2020 a través tamén dun proceso participativo.

A maior debilidade do territorio salientada no proceso participativo foi, sen dúbida, o problema da deficiencia do saneamento dos concellos que verten á Ría de Pontevedra. Porén, por tratarse de solucións alleas ao financiamento do FEMP e propias doutros fondos europeos non se contempla no Plan de Acción,- agás a través de medidas de concienciación ambiental -. A Administración autonómica a través de Augas de Galicia está a coordinar o Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra.

## 5.12. Redes

| 1. Indicar as propostas traballo en rede e cooperación con outros grupos locais, nacionais ou da UE. |
| --- |
| Entre outras, as redes e organizacións con posibilidades de intervención complementaria no territorio do GALP ou na súa contorna son:<br>• A Rede de Grupos de Acción Costeira de Galicia.<br>• A Rede Española de Grupos de Acción Local de Pesca.<br>• FARNET<br>• A Rede Española da Muller no Sector pesqueiro.<br>• Os Centros de Investigación e de formación da Consellería do Mar: INTECMAR, CIMA, IGAFA, Fundación CETMAR.<br>• Outros centros e departamentos dependentes das Administracións locais, da Autonómica, da Estatais e da Unión Europea.<br>• Os compoñentes do Sistema Universitario de Galicia – Universidades e Institutos Universitarios.<br>• Os centros en Galicia do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).<br>• Os Institutos do Instituto Español de Oceanografía (IEO).<br>• Campus do Mar e Campus Vida, como campus de excelencia internacional.<br>• Parque Nacional das Illas Atlánticas.<br>• Os Centros Tecnolóxicos (ANFACO-CECOPESCA, Gradiant, o Centro Tecnolóxico da Acuicultura de Galicia, etc.)<br>• ...<br><br>O GAC propiciará o establecemento de alianzas e colaboracións con todas aquelas redes e entidades que estean en disposición de dirixir todo ou parte da súa actividade para axudar a dar consecución aos obxectivos establecidos na Estratexia do GALP Ría de Pontevedra. |

# 6. Plan de financiamento.

## 6.1. Distribución global de orzamento.

En función das propostas recibidas para a elaboración da estratexia o GAC Ría de Pontevedra construíuse o custe de aplicación da EDLP no que ao programa de axudas se refire. Posteriormente, incorporouse como un 25 % do global os custes de explotación e animación.

O reparto en anualidades realizouse en función da experiencia no período anterior, do seguinte xeito:

- Incremento anual dos custes de aplicación do programa, seguindo un proceso de consolidación do coñecemento do mesmo no territorio e de xeración e encaixe de propostas de forma crecente co paso do tempo.
- No que se refire a custes de explotación e animación consignouse unha cantidade semellante para todos os anos, de forma análoga ao período anterior (FEP) incluíndo na última anualidade a cantidade correspondente a tres para os anos posteriores ao último de peche do programa.

En todo caso, este reparto orzamentario adaptarase ao disposto pola Consellería do Mar para o reparto orzamentario ao longo do período FEMP.

| CONCEPTOS | ANO 1 | ANO 2 | ANO 3 | ANO 4 | ANO 5 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Custes de explotación e animación ( máximo do 25 %) | 440.000 € | 440.000 € | 440.000 € | 440.000 € | 1.320.000 € | 3.080.000 € |
| Custes de aplicación da EDLP (programa axudas) | 924.000 € | 1.386.000 € | 1.848.000 € | 2.310.000 € | 2.772.000 € | 9.240.000 € |
| Custes totais | | | | | | 12.320.000 € |

## 6.2. Detalle do orzamento para o conxunto do período entre obxectivos estratéxicos do programa de axudas e custes de explotación e animación.

O detalle do orzamento aprobado pola Comisión de seguimento delegada pola Asemblea a través da Xunta Directiva para a aprobación do contido da EDLP é o que aparece na táboa seguinte.

A distribución por anualidades fíxose seguindo os criterios expostos no apartado anterior. Incorporase agora a distribución entre custes de animación e xestión que se fai a partes iguais como sucedía no anterior período.

Respéctase a porcentaxe mínima do 65 % do importe do programa de axudas para proxectos produtivos que acada un valor promedio para o conxunto do programa do 66 % superando o 65 % en todos os obxectivos estratéxicos agás no 3 e no 5.

| | | ANO 1 | ANO 2 | ANO 3 | ANO 4 | ANO 5 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 1 | PRX. P | 303.600 € | 455.400 € | 607.200 € | 759.000 € | 910.800 € | 3.036.000 € |
| | PRX. N P. | 137.040 € | 205.560 € | 274.080 € | 342.600 € | 411.120 € | 1.370.400 € |
| OBXECTIVO 2 | PRX. P | 171.927 € | 257.890 € | 343.854 € | 429.817 € | 515.781 € | 1.719.269 € |
| | PRX. N P. | 80.553 € | 120.830 € | 161.106 € | 201.383 € | 241.659 € | 805.531 € |
| OBXECTIVO 3 | PRX. P | 67.800 € | 101.700 € | 135.600 € | 169.500 € | 203.400 € | 678.000 € |
| | PRX. N P. | 44.040 € | 66.060 € | 88.080 € | 110.100 € | 132.120 € | 440.400 € |
| OBXECTIVO 4 | PRX. P | 69.000 € | 103.500 € | 138.000 € | 172.500 € | 207.000 € | 690.000 € |
| | PRX. N P. | 35.040 € | 52.560 € | 70.080 € | 87.600 € | 105.120 € | 350.400 € |
| OBXECTIVO 5 | PRX. P | 2.400 € | 3.600 € | 4.800 € | 6.000 € | 7.200 € | 24.000 € |
| | PRX. N P. | 12.600 € | 18.900 € | 25.200 € | 31.500 € | 37.800 € | 126.000 € |
| TOTAL PROGRAMA AXUDAS | | **924.000 €** | **1.386.000 €** | **1.848.000 €** | **2.310.000 €** | **2.772.000 €** | **9.240.000 €** |
| Custes de explotación | | 220.000 € | 220.000 € | 220.000 € | 220.000 € | 660.000 € | 1.540.000 € |
| Custes de animación | | 220.000 € | 220.000 € | 220.000 € | 220.000 € | 660.000 € | 1.540.000 € |
| TOTAL CUSTES | | **440.000 €** | **440.000 €** | **440.000 €** | **440.000 €** | **1.320.000 €** | **3.080.000 €** |
| TOTAL FINANCIAMENTO FEMP | | **1.364.000 €** | **1.826.000 €** | **2.288.000 €** | **2.750.000 €** | **4.092.000 €** | **12.320.000 €** |

O reparto entre obxectivos estratéxicos é o seguinte:

| OBXECTIVOS | PROXECTOS PRODUTIVOS | % P P / TOTAL | PROXECTOS NON PRODUTIVOS | % P NON P / TOTAL | TOTAL PROGRAMA DE AXUDAS EDLP | % OBX./ TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1. Aumentar o valor [… ] dos produtos da pesca e da acuicultura** | 3.036.000,00 € | 69% | 1.370.400,00 € | 31% | 4.406.400,00 € | 47,69% |
| **2. Apoiar a diversificación …** | 1.716.000,00 € | 68% | 808.800,00 € | 32% | 2.524.800,00 € | 27,32% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **3. Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental** | 678.000,00 € | 61% | 440.400,00 € | 39% | 1.118.400,00 € | 12,10% |
| **4. Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural** | 690.000,00 € | 66% | 350.400,00 € | 34% | 1.040.400,00 € | 11,26% |
| **5. Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local.** | 24.000,00 € | 16% | 126.000,00 € | 84% | 150.000,00 € | 1,62% |
| **Total proxectos** | **6.144.000,00 €** | **66%** | **3.096.000,00 €** | | **9.240.000,00 €** | **100,00%** |

## 6.3. Plan de financiamento do Plan de Acción.

Achégase como Anexo 6.3. a Táboa 6.3. coa estimación do orzamento que se lle asignará a cada eixo estratéxico e específico, podendo indicar a mesma ata o nivel de medidas, incluíndo sumatorios por cada elemento.

A modo de resumo inclúese a seguinte táboa:

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | ORZAM . P. PROD. | ORZAM. P. NON P. | orzamento obx. Específico | orzamento obx. Estratéxico |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. Aumentar o valor, a creación de emprego, a atracción da mocidade e promoción da innovación e do coñecemento en todas as fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da acuicultura. | 1.1. Promover o crecemento económico da Ría de Pontevedra a partir da intensificación dos esforzos na promoción dos produtos, e da mellora de todos os procesos que integran as actividades da cadea de valor, dende a xestión do recurso e a extracción ata a chegada ao consumidor. | 2.700.000 | 866.400 | 3.566.400 | |
| | 1.2. Mellorar a capacitación e as condicións para o emprendemento no tecido produtivo pesqueiro, incrementando as oportunidades de formación dos traballadores e traballadoras e a súa empregabilidade, facilitando o relevo | 336.000 | 504.000 | 840.000 | |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | ORZAM . P. PROD. | ORZAM. P. NON P. | orzamento obx. Específico | orzamento obx. Estratéxico |
|---|---|---|---|---|---|
| | xeracional, as estruturas asociativas e o emprendemento. | | | | |
| TOTAL OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1 | | 3.036.000 | 1.370.400 | | 4.406.400 |
| 2. Apoiar á diversificación dentro ou fóra da pesca comercial, apoio ao aprendizaxe permanente, á creación de emprego e a mellora do benestar social na zona costeira. | 2.1. Promover o aproveitamento dos recursos do territorio reforzando a asociación da herdanza do mar coas oportunidades para o turismo, a dinamización da actividade económica, e a cohesión social e territorial | 1.434.000 | 690.000 | 2.124.000 | |
| | 2.2. Contribuír á xeración de emprego a partir da mellora da calidade de vida e a cohesión social e territorial. | 282.000 | 118.800 | 400.800 | |
| TOTAL OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2 | | 1.716.000 | 808.800 | | 2.524.800 |
| Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental da zona costeira, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, así como contribuír á concienciación cidadá nestes ámbitos. | 3.1. Fomentar a conciencia ecolóxica e o aproveitamento sostible do patrimonio ambiental das zonas costeiras para as xeracións actuais e futuras. | 0 | 110.400 | 110.400 | |
| | 3.2. Promover iniciativas de posta en valor e protección dos recursos naturais, de redución da pegada de carbono e de mitigación dos efectos do cambio climático. | 678.000 | 330.000 | 1.008.000 | |
| TOTAL OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3 | | 678.000 | 440.400 | | 1.118.400 |
| Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural como recurso emblemático na Ría de Pontevedra, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo. | 4.1. Protexer o patrimonio cultural, mellorando a súa identificación e documentación e poñendo en valor os recursos identificados, coa finalidade de reforzar a identidade territorial e o valor da zona costeira. | 690.000 | 350.400 | 1.040.400 | |

| Obxectivos estratéxicos | Obxectivos específicos | ORZAM . P. PROD. | ORZAM. P. NON P. | orzamento obx. Específico | orzamento obx. Estratéxico |
|---|---|---|---|---|---|
| TOTAL OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4 | | 690.000 | 350.400 | | 1.040.400 |
| Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local. | 5.1. Promover o intercambio do coñecemento baseado na experiencia con outros territorios entre axentes públicos e privados de todos os sectores participantes no GALP. | 24.000 | 126.000 | 150.000 | |
| TOTAL OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5 | | 24.000 | 126.000 | | 150.000 |
| **ORZAMENTO TOTAL PROXECTOS** | | **6.144.000** | **3.096.000** | | **9.240.000** |
| **25 % DE GASTOS DE FUNCIONAMENTO E DINAMIZACIÓN** | | | | **3.080.000** | |
| **ORZAMENTO TOTAL DA EDLP** | | | | | **12.320.000** |

# 7. Capacidade do Grupo de Acción Local.

## 7.1. Experiencia do GAC Ría de Pontevedra en desenvolvemento local participativo.

*O GAC Ría de Pontevedra constituíuse no ano 2008 para optar á xestión do Eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca no período 2007 – 2013. No proceso de constitución participaron a meirande parte das entidades do sector pesqueiro da Ría de Pontevedra, os catro concellos do ámbito territorial definido na orde de selección de candidatos (Bueu, Marín, Poio e Sanxenxo) e entidades dos sectores económico e social, mobilizados coa colaboración e segundo a estratexia de participación levado a cabo pola ADR PRODER II – Comarca de Pontevedra.*

*O GAC está constituído por 54 entidades baixo a figura de asociación sen ánimo de lucro (Lei orgánica 1/2002 de Asociacións). Ao termos que ampliar o ámbito territorial en función da Orde de selección de candidatos publicada en abril de este ano, o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra promoveu accións para involucrar no deseño da candidatura a entidades dos*

*concellos de Pontevedra, Ribadumia e Meaño. Enviáronse invitacións formais aos tres concellos e finalmente participan nesta estratexia dous deles Meaño e Pontevedra segundo o acordo acadado diante da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro co GAC Ría de Arousa que tamén levaba na súa candidatura aos concellos de Meaño e Ribadumia.*

*No proceso de elaboración da candidatura conseguiuse o apoio de doce entidades máis para a constitución do futuro GALP e no proceso de redacción da estratexia cóntase con cinco solicitudes de adhesión máis (Anexo V.7.1. Compromisos de adhesión na fase de elaboración da EDLP.)*

*O GAC Ría de Pontevedra xestiona o eixe 4 do FEP cunha previsión de execución do 79,2 % que ascende ao 95,2 % se se consideran os proxectos aprobados.*

## 7.2. Espazos de traballo, dotación e equipamentos.

O GAC Ría de Pontevedra ten a súa sede social no Concello de Marín. A súa oficina técnica para atención a promotores e xestión administrativas está situada no Edificio de Servizos Portuarios do Porto de Marín onde a Autoridade Portuaria lle cede unha oficina para o desenvolvemento da súa actividade. A sede do GAC está identificada cunha placa publicitaria que da a coñecer as fontes de financiamento do programa.

A oficina foi acondicionada con mobiliario e equipamento polo GAC Ría de Pontevedra que dispón tamén de conexión telefónica e de datos de alta velocidade. Conta tamén cun ordenador portátil, con impresora - fotocopiadora, e impresora multifunción e, ademais o correspondente mobiliario para dous postos de traballo e almacenamento da información e documentación do grupo de forma coherente coa Lei de protección de datos.

A Comisión de Seguimento aprobou a solicitude á Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra dunha ampliación para a oficina técnica co obxecto de poder dotar á entidade dunha zona máis ampla onde atender aos promotores ante o previsible aumento da plantilla da entidade.

Por outra banda, para a celebración de reunións a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra colabora sempre coa entidade mediante a cesión de salas para reunións (Xuntas Directivas, Comisións) e un auditorio para a celebración de Asembleas, foros, charlas e presentacións.

## 7.3. Recursos humanos e técnicos: Organigrama.

O equipo técnico do GAC Ría de Pontevedra está formado na actualidade por unha única persoa que ocupa o cargo e responsabilidades de xerente. As súas funcións inclúen: xestión e funcionamento da entidade, xestión do programa de axudas e promoción e dinamización do territorio e do programa de axudas

Para o período 2014 – 2020, e segundo as conclusións do Seminario SW.FLAG.Lab organizado por FARNET en Barcelona (setembro 2014), o equipo ideal está formado por un mínimo de tres persoas a tempo completo.

Na perspectiva de fondos de xestión que achega o Plan Financeiro previsto nesta EDLP, o equipo proposto para o futuro GALP para a Ría de Pontevedra e área de influencia estaría formado por: xerencia e administrativo, e un técnico de apoio á xerencia nas tarefas de animación e dinamización.

### A xerencia.

Para o período 2014 – 2020, como responsable de aplicar o desenvolvemento local participativo, a xerencia deberá reunir coñecementos e habilidades en desenvolvemento territorial sostible, sector pesqueiro, experiencia técnica no desenvolvemento de proxectos, coñecemento da lexislación e normativa regulatoria e capacidade na xestión de fondos.

### O/a técnico/a en dinamización.

O/a técnica/o de apoio á xerencia adicarase a tarefas de dinamización e, en particular, a xestión cotiá da implementación da RSC na xestión do GALP.

### O/a administrativo/a

O/a administrativa/o colaborará coa xerencia en todas as súas tarefas asumindo as funcións que lle son propias.

### Grupo Antena

A xerencia estivo apoiada no desenvolvemento das súas funcións por un equipo composto polos axentes de emprego dos Concellos e entidades do territorio,

especialmente no relativo á avaliación dos proxectos e dinamización do territorio. Este equipo se coñece co nome de GRUPO ANTENA.

Está previsto e aprobado pola Comisión de Seguimento para a redacción da estratexia a continuidade deste apoio rede de técnicos achegados polos socios que incrementan a experiencia do equipo na xestión de programas europeos. Ademais esta rede de técnicos de Apoio farán as tarefas de Antenas Locais, é dicir, polo seu posto de traballo a nivel municipal teñen un maior contacto cos posibles emprendedores e poden facer de primeiro contacto dos emprendedores co futuro GALP, incrementando as posibilidades de difusión do programa.

Ademais está previsto a participación na Rede de Técnicos Locais de Apoio ao GAC doutros técnicos municipais (medio ambiente, servizos sociais, atención á muller, mocidade,...)

**Outros servizos de apoio.**

Se fose necesario, o GALP contará con profesionais cualificados nos diversos sectores ou actividades económicas propias do medio costeiro, que constituirán unha estructura de asesoramento e apoio técnico naquelas iniciativas de carácter sectorial que xurdan durante o transcurso do proxecto. Este persoal poderá contratarse ben por contratación directa ou ben por asistencia técnica cando se trate de aspectos puntuais como servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais e contables ou de auditoría.

**Procedemento para a contratación do persoal do equipo técnico baseado nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrencia, capacidade, experiencia e non discriminación.**

O Grupo dispón na actualidade dun equipo técnico constituído por unha única persoa que ocupa o posto de xerente. Achégase o seu currículum vitae (**Anexo 07.03**) para a verificación da experiencia.

En función da dotación orzamentaria do programa o grupo contratará tamén, como xa se ten dito con un/ha administrativo/a e un/ha técnico dinamizador/a. A contratación do persoal realizarase a través dun procedemento baseados nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrencia, capacidade, experiencia e non discriminación.

## 7.4. Capacidade administrativa e financeira do grupo para xestionar e implementar a estratexia.

O GALP Ría de Pontevedra parte da estrutura de persoal do GAC Ría de Pontevedra que xa desenvolveu o programa de acción costeira 2007 – 2015 e, con anterioridade, o programa de desenvolvemento rural PRODER II – Comarca de Pontevedra, no que o grupo non era soamente entidade colaboradora senón organismo de xestión dos fondos tamén, o que supoñía unha maior carga administrativa e financeira. Deste xeito, a capacidade con que conta o GAC Ría de Pontevedra trasládase ao GALP.

Esta capacidade administrativa verase reforzada polo novo persoal que se propón incorporar o que suporá unha xestión puntual e máis áxil dos procedementos administrativos.

# 8. Disposicións de xestión da EDLP.

Actualmente, o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra realiza medidas para garantir a participación activa do asociados entre as que se encontran as comisións sectoriais previas ás asembleas xerais, os procesos consultivos sobre as actividades do grupo e a dinamización de actividades. Todas as actividades (asembleas, xuntas directivas, procesos consultivos...) son comunicadas mediante correo electrónico e se realizan fóra do horario laboral, buscando así unha maior participación e asistencia.

En canto á responsabilidade social corporativa, o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra ten previsto implantala unha vez se constitúa como GALP, en particular, medidas e/ou mecanismos baseados na participación (tanto de socios coma de grupos de interese externos), o intercambio de experiencias con outros grupos, a divulgación e as boas prácticas, emprendemento e difusión de iniciativas innovadoras así como a preservación do patrimonio natural e cultural, que reforcen a actuación actual nestes ámbitos. As novas medidas que o grupo quere implementar cumprirán os principios de composición e funcionamento que se establecen nos Estatutos e na normativa de

aplicación do DLP do FEMP. O obxectivo da implantación da RSC é conseguir maior participación dos asociados e un aumento da implicación en todos os procedementos e decisións, así como diferentes medidas que beneficien a participación da muller nas xuntas directivas.

En canto á cidadanía en xeral, preténdese dar máis difusión ás axudas e promoción das actividades que se realicen (turismo mariñeiro, preservación do patrimonio, dinamización da zona costeira...).

Co conxunto de medidas implantadas e previstas, búscase dar lugar a un grupo máis dinámico e aberto no que a cooperación e o intercambio de experiencias sexan piares fundamentais.

No apartado da EDLP que desenvolve este capítulo se detallan polo miúdo as disposicións de xestión do grupo e do programa de axudas do que se recolle neste documento resumo os criterios de selección de proxectos.

## 8.5. Procedementos para a xestión do programa de axudas.

### Criterios de selección e priorización de proxectos.

No proceso de aprobación da estratexia por parte da Comisión de Seguimento delegada pola Xunta Directiva do GAC, facultada á súa vez, pola Asemblea Xeral, debatéronse os criterios de selección e priorización de proxectos na sesión celebrada o 19 de novembro de 2015.

Partiuse de tres baterías de criterios sobre os que se elixiron os considerados máis idóneos para a zona costeira:

- Os criterios de selección de proxectos do PEZ do GAC ría de Pontevedra.
- Criterios propostos pola asistencia técnica CIDADANÍA
- Criterios propostos pola Asistencia técnica CETMAR.

Os criterios son diferentes, no seu enunciado ou na súa puntuacións, para proxectos produtivos e non produtivos tendo en conta as expectativas de resultados e impactos que deben xerar no territorio uns e outros.

### a. Criterios de selección e priorización de Proxectos produtivos.

Considéranse criterios excluíntes que deberán acadar unha puntuación mínima, os relacionados coa viabilidade do proxecto e a súa adaptación á estratexia.

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **SOSTIBILIDADE DO PROXECTO E ADECUACIÓN Á EDLP / CALIDADE TÉCNICA E SOSTIBILIDADE** | **MIN 16 MÁX 22** | |
| VIABILIDADE TÉCNICA, INCLÚE FORMACIÓN E EXPERIENCIA DO PROMOTOR | MIN 3 MÁX 5 | (1) |
| VIABILIDADE ECONÓMICA / | 5 | (2) |
| VIABILIDADE FINANCEIRA | 5 | (3) |
| ADECUACIÓN Á ESTRATEXIA | MIN 4 MÁX 7 | |

(1) ELEMENTOS PARA VALORAR A VIABILIDADE TÉCNICA

A solicitude de admisión do proxecto virá acompañada dunha documentación que acredite a solvencia do proxecto dende o punto de vista técnico. Terase en conta:

1. A experiencia da persoa ou entidade que promove o proxecto na posta en marcha de iniciativas semellantes (CV individual e/ou colectivo cando proceda)

2. Os medios humanos e físicos cos que conta e dos que vai a dispor se a axuda para a execución do proxecto é concedida.

3. A achega dunha descrición de antecedentes que dea conta tanto da necesidade, da oportunidade do proxecto e a idoneidade das condicións para o seu desenvolvemento nas condicións que describa a proposta, incluíndo a achega de referencias sobre iniciativas similares e ou complementarias tomadas como referencia ou punto de partida.

4. A achega dun plan de acción onde se detalle debidamente o alcance da iniciativa, a planificación da execución compromentendo fitos e medios de verificación do seu cumprimento, a estratexia de seguimento e o plan de entrega, de verificación dos traballos, de rendición de contas e peche do expediente.

6. Para acreditar a viabilidade valorarase calquera información procedente do Plan de Empresa, ou ben outros documentos, anteproxectos, ou memorias de carácter técnico, nos cales conste a posibilidade de poder executar a iniciativa respectando os requirimentos dende o punto de vista normativo (urbanístico, ambiental,...).

Si algún destes elementos pon en risco a viabilidade do proxecto dende un punto de vista técnico, o solicitante poderá ter opción a solventar as carencias identificadas. De non facelo ou facelo parcialmente, a proposta será declarada NON ELIXIBLE

Entendemos que os puntos 1 e 4 son avaliables mentres que os puntos 2 e 3 son excluíntes en caso de non cumprirse.

(2) Viabilidade económica

1. As propostas presentaranse sempre acompañadas dunha memoria de planificación económica que , no caso de que non estea previsto un formulario da convocatoria de axudas, será proporcionado polo GALP.

O Plan de viabilidade debe permitir contrastar a solvencia das entidade/s promotoras para asumir os compromisos económicos asociados ao proxecto, e por outra, que a execución do proxecto en si mesma é viable economicamente e ofrece garantías suficientes para un uso eficiente do financiamento público.

Revisaranse os criterios de viabilidade económica e financeira, analizando conceptos como o Retorno do Investimento, o período de recuperación do investimento. Terase en consideración particularmente a situación dos fluxos de caixa para evitar situacións de estrangulamento financeiro. Cómpre sinalar que algúns dos criterios a ter en conta variarán en función do obxecto do investimento (por exemplo, non precisar o cadro de amortizacións, se non se contemplan elementos de inmobilizado material).

Para poder acceder ao financiamento do FEMP requirirase unha valoración de viabilidade positiva, considerando os diferentes factores mencionados, que de non acadarse implicaría a desestimación do proxecto.

É necesario puntualizar que no caso dos proxectos non produtivos en vez da viabilidade económica do proxecto avaliarase a súa sostibilidade, plan de xestión e garantía de mantemento onde proceda.

A non presentación de documentación económica suficiente, deberá poder ser obxecto de subsanación polos solicitantes a efectos de que se poida avaliar a viabilidade económica.

(3) Viabilidade financeira

Valorarase a viabilidade financeira do proxecto

Para a avaliación da viabilidade financeira das entidades, será necesario a presentación das contas do último exercicio pechado, xustificación dos mecanismos de financiamento mediante pólizas de crédito en estudo ou declaración responsable de recursos que se van destinar ao proxecto,...

A non presentación de documentación que acredite viabilidade financeira suficiente, deberá poder ser obxecto de subsanación polos solicitantes a efectos de que se poida avaliar a viabilidade financeira

COHERENCIA COA EDLP

A principal finalidade que figure no proxecto deberá adecuarse aos obxectivos establecidos no Plan de Acción da estratexia, e por tanto, no FEMP. Este criterio é excluínte polo cal, de non cumprirse a coherencia do proxecto con algún dos obxectivos estratéxicos será motivo de exclusión dunha proposta.

O feito de que un proxecto de resposta a máis dun obxectivo da estratexia será obxecto dunha puntuación maior.

Terase en conta a coherencia do proxecto en relación ás necesidades e debilidades diagnosticadas no territorio, e en relacións ás potencialidades ou oportunidades, que se formularon á hora de realizar o diagnóstico (DAFO). Tamén se verá o seu grao de adaptación aos retos e obxectivos que se definiron na estratexia, así como o reforzo das actividades ou empregabilidade de recursos da zona. A transversalidade na atención a diferentes obxectivos, non será excluínte pero sí será obxecto de valoración na avaliación.

Os restantes grupos de criterios servirán tanto para establecer a porcentaxe de axuda como a prioridade na orde de asignación de fondos.

Valoraranse as características do promotor co obxecto de favorecer a cohesión social e territorial concedendo prioridade aos proxectos promovidos por persoas ou entidades pertencentes a colectivos desfavorecidos no emprendemento e na empregabilidade.

Con este mesmo obxectivo avalíase favorablemente a presentación de proxectos por empresas que se constitúan baixo fórmulas de economía social.

En todo tipo de proxectos darase preferencia aos proxectos procedentes de membros do sector pesqueiro.

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO** | **22** | |
| PROMOTOR PERTENCENTE A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS | MIN 0 MÁX 6 | A valoración dependerá da pertenencia aos seguintes colectivos: |
| COLECTIVOS RISCO EXCLUSIÓN: DISCAPACITADOS, PARADOS LONGA DURACIÓN, EMIG. RETORNADOS | 6 | |
| MULLER / PARIDADE NOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN | 4 | |
| HOME IDADE < 30 | 3 | |
| CONSTITUCIÓN DE EMPRESA COMO FÓRMULA DE ECONOMÍA SOCIAL | 4 | |
| PROMOTOR PROCEDENTE DO SECTOR PESQUEIRO | 10 | (CNAE… DE REFERENCIA) |
| PROXECTO INDIVIDUAL OU AGRUPADO | 2 | PROXECTO CONXUNTO OU DE COOPERACIÓN |

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **COLECTIVOS PRIORITARIOS AOS QUE SE ORIENTA O PROXECTO** | | |
| Medidas específicas que fomenten a igualdade e a integración de colectivos con especiais dificultades | 3 | Memoria do proxecto. |

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **COLECTIVOS PRIORITARIOS AOS QUE SE ORIENTA O PROXECTO** | **MÁX. 20** | |
| CREACIÓN DE EMPREGO NETO | MÁX. 8 | Declaración responsable do promotor |
| < 25.000 € / EMPREGO XERADO | 8 | Verificación con respecto ao orzamento do proxecto |
| 25000 - 50.000 €/EMPREGO XERADO | 6 | |
| 50000 / 75000 €/EMPREGO XERADO | 4 | |
| 75000 / 100.000 €/EMPREGO XERADO | 2 | |
| > 100.000 €/EMPREGO XERADO | 0 | |
| CREACIÓN DE EMPREGO EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS | MÁX. 8 | Declaración responsable do promotor |
| + 50 % EMPREGO EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS | 8 | |
| 50 - 25 % EMPREGO EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS | 4 | |
| Compromiso de MANTEMENTO DE EMPREGO. En caso de EMPRESAS de nova creación, CREACIÓN DE EMPREGO LOCAL | 4 | Declaración responsable do promotor |

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **COLECTIVOS PRIORITARIOS AOS QUE SE ORIENTA O PROXECTO** | **MÁX. 23** | |
| APROVEITAMENTO DE RECURSOS ENDÓXENOS OU SERVIZOS Á POBOACIÓN | 3 | |

| | | |
|---|---|---|
| INCIDENCIA AMBIENTAL, ESFORZO ECONÓMICO NO CUMPRIMENTO DE ALGÚN DOS ASPECTOS SEGUINTES | 10 | Verificación co orzamento do proxecto. |
| NOVAS TECNOLOXÍAS E MODERNIZACIÓN PRODUTIVA | 5 | Memoria do proxecto |
| IMPACTO SOCIAL DE PROXECTOS QUE INCLÚAN RECUPERACIÓN PATRIMONIAL | 2 | Tipoloxía do proxecto. |
| INCLÚE UNHA ESTRATEXIA DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN. | 3 | Memoria do proxecto |

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA** | **MÁX. 10** | |
| INNOVACIÓN | 4 | |
| TRANSFERENCIA | 3 | |
| INCORPORA ENTIDADES EDUCATIVAS E ANPAS, IMPLICA Á MOCIDADE. | 3 | |

En resumo, a avaliación máxima dun proxecto produtivos repartirase como se recolle na táboa seguinte:

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. PRODUTIVOS |
|---|---|
| **SOSTIBILIDADE DO PROXECTO E ADECUACIÓN Á EDLP / CALIDADE TÉCNICA E SOSTIBILIDADE** | **MIN 16 MÁX 22** |
| **CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO** | **22** |
| **COLECTIVOS PRIORITARIOS AOS QUE SE ORIENTA O PROXECTO** | **MÁX. 3** |
| **CREACIÓN DE EMPREGO** | **MÁX. 20** |
| **IMPACTO NO TERRITORIO** | **MÁX. 23** |
| **INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA** | **MÁX. 10** |
| **TOTAL** | **100** |

Conscientes da dificultade de conseguir a puntuación máxima e para que isto non supoña menoscabo aos promotores, establécese a seguinte correlación entre as puntuacións obtidas a as porcentaxes de axuda a asignar ao proxecto.

Por outra banda, establécese a puntuación mínima para que un proxecto produtivos sexa subvencionable en 30 puntos sobre os 100.

En función de que se trate dun proxecto vinculado a pesca costeira artesanal ou non as porcentaxes de axuda varían coa puntuación do seguinte xeito.

| GALP PONTEVEDRA 2015 – 2020 | | |
|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | PORCENTAXE DE AXUDA - PROXECTOS PRODUTIVOS | |
| | PROXECTOS PRODUTIVOS | VINCULADOS Á PESCA COSTEIRA ARTESANAL |
| 30 | 30% | 60 % |
| 31 - 50 | 40% | 70 % |
| 51 - 80 | 45% | 75 % |
| 81 - 100 | 50% | 80 % |

**Táboa 1: Adaptadas as porcentaxes de financiamento ao máximo establecido pola normativa. Deberá terse en conta esta adaptación en caso de contradicción coa EDLP**

Estes criterios empregaranse tamén para asignar a prioridade de asignación de axudas a proxectos non soamente para a determinación da porcentaxe de axuda.

### b) Criterios de selección e priorización de Proxectos non produtivos.

Considéranse criterios excluíntes que deberán acadar unha puntuación mínima, os relacionados coa viabilidade do proxecto e a súa adaptación á estratexia.

Aplicaranse as mesmas consideracións que respecto aos proxectos produtivos agás a diferencia que no que se refire á viabilidade económica será substituída pola garantía de mantemento do proxecto por parte da entidade promotora e a existencia dun plan de xestión necesario para a súa comprobación.

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. NON PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **SOSTIBILIDADE DO PROXECTO E ADECUACIÓN Á EDLP / CALIDADE TÉCNICA E SOSTIBILIDADE** | **MIN 18 MÁX 32** | |
| CALIDADE E VIABILIDADE TÉCNICA | MIN 3 MÁX 5 | (1) |
| PLAN DE XESTIÓN E GARANTÍA DE MANTEMENTO | 5 | (2) |
| VIABILIDADE FINANCEIRA | 5 | (3) |
| ADECUACIÓN Á ESTRATEXIA | MIN 5 MÁX 17 | |

Valoraranse as características do promotor co obxecto de favorecer a cohesión social concedendo prioridade aos proxectos promovidos por entidades comprometidas coa igualdade de xénero e que cumpran nos seus órganos de goberno e representación criterios de paridade (40/60).

Con este mesmo obxectivo avalíase favorablemente a presentación de proxectos por entidades de economía social.

En todo tipo de proxectos darase preferencia aos proxectos procedentes de membros do sector pesqueiro.

Co obxecto de favorecer a cohesión territorial darase prioridade a proxectos que teñan un ámbito de actuación que afecte a toda a zona costeira ou a máis dun concello e primaranse tamén os proxectos presentados por máis dunha entidade ou en colaboración (cando unha entidade desenvolva accións específicas no proxecto promovido por outra).

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. NON PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO** | **22** | |
| PROMOTOR PERTENCENTE A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS: igualdade | MIN 0 MÁX 4 | Avaliarase o cumprimento de paridade nos órganos de goberno da entidade |
| PARIDADE NOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN | 2 | |
| PARIDADE NA REPRESENTACIÓN SOCIETARIA | 2 | |
| ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL | 4 | |

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. NON PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| ÁMBITO DE ACTUACIÓN | | Xustificación na memoria do proxecto. |
| PROXECTOS SUPRAMUNICIPAIS (TOTO GALP) | 4 | |
| PROXECTOS SUPRAMUNICIPAIS (<1 CONCELLO) | 2 | |
| LOCAL | 0 | |
| PROMOTOR PROCEDENTE DO SECTOR PESQUEIRO | 6 | (CNAE… DE REFERENCIA) |
| PROMOTOR INDIVIDUAL OU AGRUPADO | 2 | Valorarase que exista algunha entidade que contribúa a execución do proxecto ben achegando financiamento ou ben achegando medios e accións ao mesmo. |

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. NON PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **COLECTIVOS PRIORITARIOS AOS QUE SE ORIENTA O PROXECTO** | | |
| Medidas específicas que fomenten a igualdade e a integración de colectivos con especiais dificultades | 3 | Memoria do proxecto. |

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. NON PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **IMPACTO NO TERRITORIO** | **MÁX. 35** | |
| APROVEITAMENTO DE RECURSOS ENDÓXENOS OU SERVIZOS Á POBOACIÓN | 8 | |
| INCIDENCIA AMBIENTAL, ESFORZO ECONÓMICO NO CUMPRIMENTO DE ALGÚN DOS ASPECTOS SEGUINTES: | 15 | Verificación co orzamento do proxecto. |
| .Emprega ou difunde o EMPREGO ENERXÍAS LIMPAS OU RENOVABLES | | |

| | | |
|---|---|---|
| . Emprega ou difunde a UTILIZACIÓN DE EQUIPAMENTOS EFICIENTES ENERXÉTICAMENTE | | Non ten que incluír os tres elementos á vez para conseguir a máxima puntuación |
| . INCORPORA OU DIFUNDE COÑECEMENTO ORIENTADO Á ADAPTACIÓN A PALIAR OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO | | |
| NOVAS TECNOLOXÍAS E MODERNIZACIÓN PRODUTIVA | 5 | Memoria do proxecto |
| IMPACTO SOCIAL DE PROXECTOS QUE INCLÚAN RECUPERACIÓN PATRIMONIAL | 2 | Tipoloxía do proxecto. |
| INCLÚE UNHA ESTRATEXIA DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN. | 5 | Memoria do proxecto |

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. NON PRODUTIVOS | VERIFICACIÓN |
|---|---|---|
| **INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA** | **MÁX. 10** | |
| INNOVACIÓN | 4 | |
| TRANSFERENCIA | 3 | |
| INCORPORA ENTIDADES EDUCATIVAS E ANPAS, IMPLICA Á MOCIDADE. | 3 | |

En resumo, a avaliación máxima dun proxecto non produtivo repartirase como se recolle na táboa seguinte:

| CRITERIO DE VALORACIÓN | BAREMO P. NON PRODUTIVOS |
|---|---|
| **SOSTIBILIDADE DO PROXECTO E ADECUACIÓN Á EDLP / CALIDADE TÉCNICA E SOSTIBILIDADE** | **MIN 18 MÁX 32** |
| **CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO** | **MÁX. 20** |
| **COLECTIVOS PRIORITARIOS AOS QUE SE ORIENTA O PROXECTO** | **MÁX. 3** |
| **IMPACTO NO TERRITORIO** | **MÁX. 35** |
| **INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA** | **MÁX. 10** |
| **TOTAL** | **100** |

Conscientes da dificultade de conseguir a puntuación máxima e para que isto non supoña menoscabo aos promotores, establécese a seguinte correlación entre as puntuacións obtidas a as porcentaxes de axuda a asignar ao proxecto.

Por outra banda, estabelécese a puntuación mínima para que un proxecto produtivos sexa subvencionable en 30 puntos sobre os 100.

Tendo en conta a previsión da orde de axudas, a porcentaxe de axuda dos proxectos non produtivos segundo se trate de proxectos que cumplan o seren de interese colectivo, beneficiario colectivo e libre acceso aos resultados ou non, será a seguinte:

| GALP PONTEVEDRA 2015 - 2020 | | |
|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | PORCENTAXE DE AXUDA – PROXECTOS NON PRODUTIVOS | |
| | XERAL | COLECTIVOS |
| 30 | 30% | 40% |
| 31 - 50 | 40% | 60% |
| 51 - 80 | 45% | 80% |
| 80 - 100 | 50% | 100% |

Estes criterios empregaranse tamén para asignar a prioridade de asignación de axudas a proxectos non soamente para a determinación da porcentaxe de axuda.

### a. Límites de importe das axudas

O grupo acordou un financiamento máximo de 250.000 € para os proxectos produtivos e de 200.000 € para os non produtivos, agás aqueles proxectos nos que o promotor o demande e cumpran en alto grado a adecuación á estratexia, nos que se someterá a criterio da Asemblea Xeral a posibilidade de chegar a duplicar estes importes máximos.

## 8.6. Seguimento dos proxectos.

O GALP Ría de Pontevedra desenvolverá un protocolo para o seguimento dos proxectos durante a súa execución co obxecto de identificar debilidades ou riscos e contribuír na medida do posible a súa boa marcha.

Entre as medidas a desenvolver están as seguintes:

- Seguimento trimestral de execución en especial, determinación do momento de inicio do proxecto. En caso de retraso considerable na posta en marcha do proxecto ou inicio das actuacións necesarias para a súa execución respecto ao cronograma previsto, avaliarase a viabilidade de execución ou a necesidade de solicitar prórroga ou modificación de anualidades e orientarase ao promotor neste sentido.
- Seguimento da obtención de licenzas e permisos administrativos, cando sexan necesarios. Prestarase ao promotor un acompañamento na tramitación de licenzas e permisos cando este así o solicite.
- Protocolo de información ao promotor sobre a posibilidade de solicitude de anticipos e certificacións parciais, en caso de que estas sexan recollidas nas bases reguladoras das axudas.
- Asesoramento e comprobación do cumprimento das medidas de publicidade asociadas aos fondos europeos.
- Contribución á difusión do proxecto e transparencia na concesión dos fondos. Todas as axudas concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios do grupo e na súa web e incluiranse novas relativas as actuacións do proxecto nas redes sociais e nos mecanismos establecidos no Plan de comunicación.

Por outra banda, realizarase o seguimento e control dos proxectos subvencionados polo equipo técnico do GALP. Procurarase que se cumpra o principio de separación de funcións e non sexa a mesma persoa que participou na posta en marcha do proxecto quen verifique o control do mesmo.

O GAC Pontevedra dispón dun protocolo para o seguimento e control de proxectos xa executados e certificados que será de aplicación agás as melloras ou variacións que se definan dende a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

# 9. Disposicións de seguimento e avaliación.

## 9.1. Indicadores de seguimento e avaliación.

A modo de resumo inclúese un cadro de indicadores de resultados esperados da estratexia en termos das prioridades establecida para o FEMP relativas á creación de emprego en correlación coas liñas de actuación do Plan de acción.

O cadro completo por medidas se inclúe no Anexo 9.1. Tamén os indicadores de produto e impacto se detallan no apartado 9.1. do Plan de seguimento e avaliación.

| | | | | | | INDICADORES | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | PROXECTOS PRODUTIVOS | % | PROXECTOS NON PRODUTIVOS | % | TOTAL PROGRAMA DE AXUDAS EDLP | Nº EMPRESA creadas | Nº EMPREGOS XERADOS | Nº EMPREGO MANTIDO |
| 1. Aumentar o valor [… ] dos produtos da pesca e da acuicultura | 3.036.000,00 € | 69% | 1.370.400,00 € | 31% | 4.406.400,00 € | 8 | 26 | 30 |
| 2. Apoiar a diversificación … | 1.716.000,00 € | 68% | 808.800,00 € | 32% | 2.524.800,00 € | 2 | 27 | 23 |
| 3. Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental | 678.000,00 € | 61% | 440.400,00 € | 39% | 1.118.400,00 € | 3 | 9 | 20 |
| OBXECTIVOS | PROXECTOS PRODUTIVOS | % | PROXECTOS NON PRODUTIVOS | % | | Nº EMPRESA creadas | Nº EMPREGOS XERADOS | Nº EMPREGO MANTIDO |
| 4. Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural | 690.000,00 € | 66% | 350.400,00 € | 34% | 1.040.400,00 € | 3 | 6 | 0 |
| 5. Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local. | 24.000,00 € | 16% | 126.000,00 € | 84% | 150.000,00 € | 0 | 0 | 0 |
| **Total proxectos** | **6.144.000,00 €** | **66%** | **3.096.000,00 €** | | **9.240.000,00 €** | **16** | **68** | **73** |

Os indicadores da EDLP inclúen tamén estimación de beneficiarios de formación como aspecto importante para a mellora da empregabilidade e que supón un total de case novecentas persoas.

Ten especial relevancia as medidas orientadas á mocidade co obxecto de dar a coñecer os oficios do sector pesqueiro como ferramenta para garantir o relevo xeracional, así como as medidas de concienciación e difusión cun alto número de participantes esperados.

## 9.2. Plan de Seguimento.

As funcións de seguimento van ser realizadas de maneira continuada pola xerencia e os órganos directivos e de participación do GALP, durante o período comprendido entre 2016 e 2020. No proceso de seguimento participarán por tanto os seguintes órganos:

- Xerencia. Será a encargada de elaborar a información pertinente sobre a marcha da estratexia para a toma en consideración da Xunta Directiva e Asemblea. Elaborará un informe semestral sobre o grao de cumprimento dos obxectivos contemplados na estratexia así como da execución financeira, o cal será remitido aos órganos sociais para a súa toma en consideración.
- Mesas sectorais. Dado que se prevee que se reúnan unha vez cada ano terán a función de analizar a información dos indicadores dispoñibles sobre o grao de cumprimento dos obxectivos da súa área. Emitirán propostas para a toma en consideración dos órganos sociais.
- Xunta Directiva. Neste órgano avaliarase, en sesión ordinaria ou extraordinaria, o informe realizado pola xerencia e as suxestións recollidas polas mesas de traballo sectoriais e se proporá as modificacións pertinentes para a súa presentación en asemblea, así como indicar propostas de mellora.
- Asemblea. Ademais de comprobar o estado das actuacións contempladas na estratexia, será o órgano encargado de valorar as melloras para mellorar a aplicación da estratexia.

## 9.2. Plan de avaliación.

O procedemento de avaliación que se propón constará de tres fases:

| 1. Inicial | 2. Intermedia | 3. Final |
|---|---|---|
| **2015** | **2018** | **2021** |

### 1. Inicial.

Durante a elaboración da estratexia houbo unha participación moi intensa de diferentes axentes do territorio (vexase o capítulo do Plan de Participación), na que se definiron cales eran as necesidades do territorio e que actuacións habería que desenvolver para cubrir as mesmas. Os órganos encargados de realizar esta labor foron:

- Talleres participativos nos que tomaron parte os socios das diferentes mesas sectoriais. As mesas son espazos de traballo onde se agrupan e integran os intereses do conxunto de sectores que participan no proceso. A proposta de mesas artellouse en función dos principais ámbitos de análise que se establecen no diagnóstico: sector pesqueiro, ámbito económico e turismo, e sector social no que se integran as entidades de apoio á igualdade, a protección e conservación do medio ambiente e culturais de defensa e recuperación do patrimonio. A través dunha dobre secuencia de reunións abordouse a realización do diagnóstico de necesidades e a formulación das actuacións a desenvolver.
- Comisión técnica – Grupo Antena. A Comisión técnica e institucional tiña como principal función a de valorar a idoneidade e viabilidade das propostas que se realizasen, co obxectivo de que a proposta estratéxica de actuación, sexa realista e se adapte ás condicións da zona costeira (limitacións normativas, existencia doutros plans ou ferramentas que xa aborden as propostas, evitar a duplicidade de iniciativas,...).
- Comisión de seguimento. É un espazo que integrou á xerencia e membros da Xunta Directiva e representantes dos novos concellos que se incorporan ao GALP e que tiña como finalidade coordinar e preparar o traballo nos diferentes espazos de participación.
- Foro. Neste espazo de participación tamén se realizou unha valoración das medidas da estratexia e a o grao de prioridade que terían para o territorio.

### 2. Intermedia.

Esta avaliación será desenvolta a principios do ano 2018. Nesta fase avaliarase o grao de execución das medidas contempladas na estratexia así como os seus efectos no territorio, atendendo por tanto ao grao de eficacia e eficiencia conseguida polo Grupo na aplicación da estratexia, así como a utilidade e relevancia que están tendo as medidas sobre o territorio a través de avaliacións cualitativas realizadas primordialmente nos órganos de participación.

Os indicadores sobre os que se realizará a avaliación intermedia recollerán o conxunto de indicadores contemplados para cada unha das medidas para ver o seu grao de cumprimento. O esquema que se detalla a continuación recolle a secuencia e órganos que van a participar na realización da avaliación intermedia. Para unha información máis pormenorizada de cada un dos órganos de participación, véxase o apartado de participación.




Hai unha combinación de órganos sociais e órganos de participación á hora de realizar a avaliación intermedia. A continuación explicase a funcionalidade de cada un deles:

1. Mesas Sectoriais. En función do informe previo sobre o estado do sistema de indicadores elaborado pola xerencia así como o grao de execución do orzamento, as mesas sectoriais realizarán unha valoración previa das principais dificultades atopadas no proceso de implementación do Plan. Este diagnóstico previo do estado de situación será elevado á Xunta Directiva.

2. Xunta Directiva. Avaliará de maneira conxunta o diagnóstico elaborado por cada unha das mesas sectoriais e validará o conxunto do mesmo.

3. Mesas sectoriais. En cada unha das súas áreas emitirán unha serie de recomendacións que permitan adaptar e mellorar a implantación da estratexia no territorio.

4. Xunta Directiva. Recollerá as propostas elaboradas pola mesa sectorial e as sistematizará nun documento para a toma en consideración do Foro.

5. Foro. É momento de apertura ao conxunto dos axentes sociais do territorio, preténdese recoller as percepcións sobre a relevancia e utilidade da estratexia no territorio, ademais de propostas de mellora para a aplicación da estratexia.

6. Asemblea. Destinada á participación última de todos os socios do GALP, validará os resultados obtidos da avaliación a través dos diferentes órganos e proporá as medidas de correccións oportunas e a revisión da EDLP de ser o caso.

### 3. Final.

Na avaliación final vaise incorporar a dimensión de sostenibilidade das actuacións contempladas na estratexia, ademais de incorporar as de eficiencia, eficacia, relevancia e utilidade.  A realización da avaliación final a través dos diferentes espazos é idéntica á da avaliación intermedia.

As principais variacións virán polo lado do contido a tratar nos diferentes espazos:

1. Mesas Sectoriais. Recollerá o informe sobre o grao de execución do orzamento, así como do grao de cumprimento dos obxectivos previstos na estratexia que será elaborado pola xerencia. Avaliará a utilidade e relevancia das medidas da estratexia para o territorio.

2. Xunta Directiva. Contemplará a avaliación realizada polas mesas sectoriais, e proporá as modificacións que considere pertinente.

3. Mesas Sectorais. Avaliará os elementos máis cualitativos da avaliación como é a relevancia, utilidade e sostenibilidade das medidas da estratexia, tendo en conta os indicadores para realizar.

4. Xunta Directiva. Realizará a integración a información procedente das diferentes áreas nun informe final para presentar no Foro.




5. Foro. Será o órgano de recoller as valoracións cualitativas da xente sobre o grao de relevancia e utilidade que tiveron as medidas. Tamén se realizará unha análise sobre a sostibilidade destas medidas no medio e longo prazo.

6. Asemblea. Será a encargada de validar o informe final de avaliación  e de propoñer os axustes e mecanismos de mellora necesarios para o peche do programa.

# 10. Plan de participación.

## 10.1. Directorio de entidades e recursos.

O paso fundamental para o fomento da participación é coñecer as entidades ás que pode dirixirse para animar e dinamizar a súa participación no grupo, nas actividades do GALP ou no programa de axudas. Con este obxectivo, o GAC Ría de Pontevedra dispón dun directorio de entidades e recursos como ferramenta interna para incorporar

axentes tanto no plan de participación de elaboración na estratexia como na posterior comunicación e difusión da mesma.

O directorio foi elaborado polo GAC Ría de Pontevedra co orzamento de dinamización do Grupo e foi ampliado polo persoal do mesmo no momento de facer a candidatura a GALP e na fase de elaboración da estratexia.

Ten formato de base de datos elaborado sobre unha de folla de cálculo e se materializa ademais nun grupo de direccións de correo electrónico co que se difunden os fitos de participación e o proceso mesmo de redacción da estratexia.

Así mesmo o GAC Ría de Pontevedra emprega o *whatsapp* como ferramenta de comunicación co grupo de contactos que manifestaron o seu interese en participar na elaboración da estratexia.

O directorio se achega en formato dixital como **Anexo 10_01_Directorio.** Entrégase así mesmo listados de servizos existentes no territorio cara o emprego, servizos de formación, de apoio ao sector pesqueiro e ao turismo como **Anexo 10_01_02_Mapa de recursos.**

## 10.2. Proceso de participación na elaboración da estratexia.

Como cerne da Estratexia, a participación desenvolveuse como parte central tanto da fase de elaboración do diagnóstico como da fase de elaboración do Plan de Acción. En ambos procesos ademais da información obxectiva do territorio incorporouse á definición estratéxica as achegas dos diferentes axentes do territorio para os que se abriron diferentes espazos de participación.

- Na fase de análise estratéxica: grupos de discusión da mocidade e da muller, talleres participativos e diagnóstico DELPHI
- Na fase de elaboración do Plan de Acción, foros locais e territoriais, talleres participativos transversais e simultáneos con axentes de todos os sectores e participación empresarial, e comisións técnica e de Seguimento na que delegou a Xunta Directiva a aprobación do documento estratéxico.

| | |
|---|---|
|  Reunión do Grupo Antena. |  Taller participativo do día 19 de outubro |
|  Comisión de seguimento do 6 de novembro |  Foro do 24 de novembro |

Co obxecto de garantir unha ampla participación do territorio desenvolveuse un plan de comunicación para achegar o proceso á cidadanía a través de convocatorias aos medios de prensa e envío de notas de prensa, comunicacións directas a través de teléfono, whatsapp e correo electrónico aos que manifestaron o seu interese en participar no proceso e aos contactos de referencia do GAC Ría de Pontevedra. Tamén se deseñou un espazo web para os contidos da estratexia, novas e eventos do proceso de redacción da EDLP. Ademais empregáronse as redes sociais para difundir novas e eventos así como avances nos contidos e prazos de entrega e execución.

Todo o proceso está documentado no apartado **10. Plan de participación** e nos anexos ao mesmo.

## 10.3. Proceso de participación no seguimento e aplicación da estratexia.

O proceso de participación non remata coa elaboración da estratexia senón que por seren a propia razón de ser do Grupo, este deberá ocuparse do mantemento de niveis altos de participación durante a fase se execución e seguimento da estratexia. O GAC Ría de Pontevedra quere seguir contando coa participación da cidadanía durante todo o seu período de actuación conseguindo unha maior implicación da poboación no desenvolvemento da súa estratexia e nas actividades que realice.

O seguimento do proceso de participación está incluído nos procedementos de seguimento e avaliación que se van desenvolver para avaliar o cumprimento do plan estratéxico, así como a súa utilidade para o conxunto do territorio.

Deste xeito, o Plan de Comunicación desta estratexia aínda que está especialmente orientado a conseguir a participación externa ao Grupo, non descoida a comunicación interna que debe ser obxecto de especial atención cara conseguir o mantemento da participación interna. Esta canalizarase a través dos órganos sociais do Grupo – Xunta Directiva e Asemblea - e dos de participación – mesas sectoriais e foro -.

| ÓRGANO | FUNCIÓNS (en canto á participación) | REUNIÓN |
|---|---|---|
| **Xunta directiva** | Órgano encargado de supervisar o proceso de participación, así como de velar polo normal desenvolvemento do traballo nos restantes órganos de participación e avaliar o grao de funcionamento dos canles de comunicación. | Bimensual |
| **Asemblea** | Órgano formado polo conxunto dos socios que avaliarán a marcha da estratexia, e tamén poderán canalizar as demandas que se formulen doutros sectores a través dos socios | Semestral |
| **Mesas sectoriais** | Manterase a mesma distribución de sectores existente: sector pesqueiro, sector económico, sector social e sector público. | Anual, ou maior a petición dos membros. |
| **Foro** | Espazo para a participación do conxunto de axentes e entidades dos sectores produtivos da zona costeira.<br>As súas función serán dar a coñecer os resultados da estratexia, avaliar a súa relevancia e utilidade, así como recoller suxestións e recomendacións. Ademais, será concibido como un espazo onde se xere intercambio de experiencias con outras zonas costeiras e coñecementos con outras áreas ou sectores produtivos, contribuíndo a xerar novos inputs que axuden a mellorar a aplicabilidade da estratexia | 2018 e 2020, avaliación intermedia e final, respectivamente. |

Na actualidade, as redes sociais e a conexión a internet están ao alcance de todos, polo que o GAC Ría de Pontevedra cree fundamental vertebrar o seguimento da participación a través de esta vía de comunicación levando a cabo unha campaña de información a través da rede. O grupo conta cunha páxina de Facebook cun gran número de seguidores do territorio (particulares, empresas, entidades…), un espazo na web *www.accioncosteira.es*, e a súa páxina propia *www.gacpontevedra.org*, plataformas nas cales se publican todas as novidades, noticias e eventos de relevancia para o GAC Ría de Pontevedra e o seu territorio de influencia así como apartados habilitados para o envío de información e métodos de contacto dentro da súa páxina web.

De maneira independente aos órganos de participación, deixarase todos estes espazos on line dos que o grupo dispón ao servizo da cidadanía en xeral e de todas as entidades e empresas que queiran facer chegar ao GAC Ría de Pontevedra as súas achegas, dúbidas ou inquietudes.

Dentro do proceso de participación continua na estratexia do GAC Ría de Pontevedra, espérase que o Facebook teña unha parte moi importante, xa que permite un contacto máis directo, rápido e sinxelo.

O marxe das redes sociais, para contar coa participación de empresas e entidades, o contacto e envío de información a través do correo electrónico tamén será unha parte fundamental, para isto utilizarase o directorio de entidades e recursos (**Anexo 07_01_Directorio**) e o *whatsapp* como ferramenta de comunicación co grupo de contactos que manifestaron o seu interese en participar na elaboración da estratexia.




**Ilustración 1. Fluxograma de órganos de participación na execución e seguimento da estratexia.**

# 11. Plan de comunicación.

## 11.1. Mapa estratéxico.

| |
|---|
| 1. Disporase un mapa estratéxico que conterá a estruturación da estratexia en base a misión, visión os valores, os obxectivos estratéxicos, os obxectivos específicos e os recursos cos que conta o GALP para a aplicación da estratexia. |
| Achégase o mapa estratéxico como **Anexo 11.1.** |

## 11.2. Accións de comunicación para a divulgación do GALP e o programa de axudas.

| |
|---|
| 1. Descrición das principais orientacións que guiarán a estratexia de comunicación do GALP en relación as accións de sensibilización e dinamización e o programa de axudas: obxectivos, público obxectivo, mensaxe, estratexia e accións a desenvolver, cronograma. |

O obxectivo estratéxico do plan de comunicación é posicionar ao GALP como entidade de referencia no desenvolvemento do territorio mediante a coordinación efectiva de todas as canles de comunicación externa do GALP e, especialmente, entre as tradicionais e as que ofrecen as novas tecnoloxías.

Con esta finalidade propóñense os seguintes obxectivos específicos:

1. Difundir entre os beneficiarios potenciais, as oportunidades financeiras da EDLP.
2. Dar a coñecer e a comprender debidamente a estratexia e todos os elementos que a compoñen.
3. Informar aos beneficiarios potenciais, en cada convocatoria, dos requisitos para acceder á financiación, os criterios de selección das operacións, as obrigas que haberán de asumir se finalmente son seleccionados e os enderezos de contacto para ampliar a información sobre a EDLP e sobre a a convocatoria en cuestión.
4. Comunicar aos beneficiarios as súas obrigas en materia de xestión e publicidade
5. Manter debidamente informados a todos os membros do GALP sobre as actuacións previstas, en curso e futuras, e ofrecer mecanismos de interacción para facilitar a comunicación en todas as direccións.
6. Chegar coa información sobre a actividade do GALP aos actores individuais, dentro dos colectivos representados no mesmo, e satisfacer debidamente as súas necesidades de información establecendo con eles un canal bidireccional de comunicación.
7. Estimular a participación nas actividades do GALP por parte de todos os axentes, ofrecendo apoio e asesoramento na formulación de propostas, orientando sobre tendencias e áreas de coñecemento relevantes, ofrecendo información de contexto social e administrativo.
8. Estimular o xurdimento de iniciativas, animar e facilitar que o carácter das iniciativas atenda debidamente ás características da estratexia e ás necesidades da súa execución. Facendo fincapé no interese de adoptar aproximacións innovadoras, de aproveitar a experiencia do pasado, de adoptar medidas de inclusión, de propiciar a igualdade, etc.
9. Conseguir un recoñecemento crecente e o respaldo de todos os axentes e da veciñanza nas actuacións do GALP.

10. Proxectar as boas prácticas do GALP e dos seus axentes cara a fóra, tanto cara a outras áreas costeiras como de Galicia coma noutros territorios.

O detalle dos principios orientadores, a definición do público obxectivo, a estratexia e previsións de execución e seguimento do Plan de Comunicación se recollen no documento Anexo 11.2. Plan de Comunicación.

1. Descrición sucinta das principais accións a desenvolver para a difusión da estratexia, apoiándose no cadro de programación das accións de comunicación.

Na seguinte táboa se recollen de forma breve as accións previstas para a difusión da estratexia.

Ademais destas accións concretas co obxectivo de difundir o programa de axudas o GALP programará anualmente as actividades de dinamización e sensibilización coherentes coa EDLP do Grupo e que contribúan a acadar os seus obxectivos.

Cos fondos de dinamización poderán continuarse con proxectos xa emprendidos polo GAC Ría de Pontevedra como a plataforma de comercialización conxunta das lonxas da Ría mentres non sexan os membros do sector pesqueiro os que asuman a súa xestión.

Continuarase tamén coas actividades en rede cos restantes Grupos de Acción local de Pesca a nivel autonómico, estatal e europeo procurando facer coincidir as actividades das diferentes redes con seminarios de posta en común de boas prácticas.

En particular, manterase a plataforma conxunta do clube de turismo mariñeiro Mar Galaica Galicia e as actividades de dinamización que se acorde realizar de forma conxunta ou ben a nivel territorial, para reforzar a imaxe do territorio en colaboración con entidades do mesmo ou administración involucradas na promoción turística (deputación, xeodestinos coincidentes co territorio).

Os fondos de animación empregaranse mentres non se conta con recursos propios para cooperación para continuar cos traballos en rede xa iniciados en materia de turismo mariñeiro.

| | Descrición breve |
|---|---|
| Identidade Corporativa | En función do desenvolvemento ou non pola Consellería do Mar dunha identidade corporativa conxunta para os GALPs de Galicia, desenvolverase unha identidade corporativa propia ou a adaptación ao territorio da imaxe común. Fomentarase a cultura corporativa que contribuirá a reforzar o sentido de pertenencia áo Grupo e desenvolverase un manual de identidade visual corporativa para reforzar a marca común de forma recoñecible e diferenciadora, que capta a atención do público destinatario. |
| Vistas/entrevistas informativas – atención personalizada | A concertar con entidades e promotores a título individual para prestar orientación, informar das posibilidades de apoio a través do GALP, informar de iniciativas nas que interesa a colaboración, etc.<br>O GALP terá sempre visibles os datos de contacto e deberá contemplar a dispoñibilidade a atender calquera petición de información por correo electrónico ou teléfono ao respecto da súa actividade. |
| Talleres presenciais (accións de proximidade) | Pequenas reunións dirixidas a grupos de público específico. Orientadas a abordar cuestións concretas, dende, por exemplo, presentar como poden as asociacións de mariscadoras beneficiarse das axudas do GALP, ou, debater sobre as posibilidades de mellora na xestión dun recurso, ou as implicacións que pode ter para un colectivo determinado un cambio normativo que afecte á actividade, etc.<br>Sempre se buscará a conexión coa experiencia, procurando aprender de iniciativas anteriores en contextos similares. |
| Conferencias, Xornadas, Seminarios | Serán máis abertas na determinación do público destinatario. Servirán para dar promoción á actividade global do GALP e para abordar cuestións de interese xeral: balance da aplicación da nova Política Pesqueira Común, perspectivas sobre o cambio climático, etc. |
| medios de prensa: notas de prensa, Seguimento e Roldas de prensa | O GALP proporá ter un contacto regular e pautado cos medios de comunicación, particularmente con aqueles que teñen maior impacto no territorio (Faro de Vigo, Diario de Pontevedra, Radio Pontevedra). Determinará o tipo de necesidades de aparecer como anunciante e negociará os prezos. Enviará notas de prensa pre-elaboradas cando se celebre calquera acto público do GALP e convocará una rolda de prensa cando menos cada vez que faga públicos os datos de avaliación do avance na estratexia. |
| buzoneo: Correo electrónico, fax, circulares... | Será o medio regular de contacto con todas as organizacións adheridas ao GALP. Utilizarase para transmitir información de rutina, e especialmente para convocar e animar á participación nas iniciativas que se dinamicen dende o GALP |

| | |
|---|---|
| WEB | Proponse como a ferramenta básica para dispoñer información sobre a estratexia, sobre o GALP e os seus integrantes e sobre as accións que se vaian executando. Enlace as webs das entidades do territorio |
| REDES SOCIAIS | Requirirán dunha moi especial atención para poder crear comunidades de usuarios específicos, manter a actividade con moita regularidade (actualización diaria ou superior) e |
| CONTIDOS MULTIMEDIA | Os formatos multimedia son especialmente demandados na actualidade para chegar sobre todo á cidadanía, alimentan e permiten dar maior visibilidade ás páxinas web, á presencia nas redes sociais, etc. |
| FERRAMENTAS DE XOGO-APRENDIZAXE | A utilización dos xogos como recurso para adestrar e enfrontar aos beneficiarios e promotores do GALP a situacións como a preparación dunha proposta, a realización dunha presentación, a organización dun encontro ou dunha xornada.... Algúns destes xogos poderán estar soportados por ferramentas dixitais e outros terán un carácter máis conceptual, baseados na asunción de roles e nas dinámicas de participación. |
| CARTELERÍA, ROLLER E FOLLETOS | Todas as actividades públicas do GALP irán acompañadas da súa imaxe corporativa e a mensaxe ou lema da EDLP a través de rollers deseñados aos efectos ou xerais do GALP.<br>A cartelería e folletos deseñaranse cando se estime oportuno para actividades específicas do GALP. |
| DISPOÑIBILIDADE PARA INTEGRAR PRESENTACIÓNS DO GALP EN ACCIÓNS DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DENDE OUTRAS ENTIDADES E/OU FOROS | O GALP transmitirá o seu interese e dispoñibilidade para intervir en foros e presentacións ou actividades de difusión e comunicación promovidos dende outras organizacións ou foros, sempre e cando a temática e o público obxectivo sexan relevantes para o GALP e a axenda o permita. |
| CAMPAÑAS PUBLICITARIAS DAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS OU ACTIVIDADES ESPECIAIS | A contratación de espazos publicitarios nos medios locais de radio e prensa escrita contribuíu no período anterior a incrementar notablemente o número de solicitantes de información sobre as axudas e posteriormente, o número de solicitudes presentadas polo que debe considerarse como un medio directo de chegar á cidadanía. |

# 12. Fontes de información.

1. Identificación das fontes consultadas.

### Fontes estatísticas.

- **Padrón Municipal de Habitantes. IGE. 2014**
- **Directorio da Rede Natura. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. 2015.**
- **Inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA). Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. 2015.**
- **Información xeográfica en web. Instituto Xeográfico de Galicia. 2014**
- **Praias bandeira azul. Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor. 2014.**
- **Directorio de portos. Portos de Galicia. 2015.**
- **Plataforma tecnolóxica de pesca. Consellería do Mar. 2015.**
- **Rexistro de confrarías. Xunta de Galicia. 2015.**
- **Indicadores demográficos sobre o padrón munical. IGE. 2013.**
- **Movemento natural de poboación. IGE. 2013.**
- **Estatística de variacións residenciais. IGE. 2013.**
- **Directorio de centros de ensino. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. 2015.**
- **Censo de poboación e vivendas. 2011. INE.**
- **Directorio de centros. Servizo Galego de Saúde. 2013.**
- **Estatística de pensión contributivas. Tesourería Xeral da Seguridade Social. 2013.**
- **Estatística de pensións non contributivas. Consellería de Economía, Emprego e Industria. 2013.**
- **Estatística beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES). Consellería de Traballo e Benestar. 2013.**
- **Estatísticas de paro rexistrado. Servizo Público de Emprego Estatal. IGE. 2014.**
- **Estatísticas de afiliación á Seguridade Social. Tesourería da Seguridade Social. IGE. 2014.**
- **Base de contratos rexistrados. Consellería de Economía, Emprego e Industria. 2014.**
- **Contas de distribución da renda dos fogares por concellos. IGE. 2009.**
- **Produto interior bruto municipal. Base 2008. IGE. 2012.**

- **Directorio de empresas e unidades locais. IGE. 2013.**
- **Censo agrario. Consellería de Medio Rural. IGE. 2012.**
- **Directorio SABI de empresas. Informa. 2014.**
- **Estatística de permisos de marisqueo. Consellería do Mar. 2015.**
- **Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. Turgalicia. 2014**
- **Enquisa de ocupación hoteleira. IGE. 2014.**
- **Relación de Bens de Interese Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. 2012.**
- **Mapa de equipamentos culturais. Consello Cultura Galega. 2015.**
- **Festas de interese turística. Turgalicia. 2015.**
- **Directorio de sendeiro. Turgalicia. 2015.**

**Fontes normativas.**

- **Reglamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca**
- **Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e o Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derogan los Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.**
- **Regulamento delegado (UE) nº 480/2014 da Comisión de 3 de marzo de 2014 que complementa o Regulamento (UE) no 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello .**
- **Commmunication from the Commission to the European Parliament, the Council, The European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions. A European Strategy for more Growth and Jobs in Coastal and Maritime Tourism. European Commission. Brussels, 20.2.2014.**
- **Questions and Answers on CLLD programming in the EMFF - Area Selection Criteria. Strategy Selection Criteria. Preparatory Support . European Commission.**
- **Guidance on comunmunity-led Local Development in European Structural and investiment Funds. Soto , Pablo; Ramsden, Peter. Trad. Version abril 2014 . Comisión Europea. 2014.**
- **Draft template and guidelines on the content of the EMFF operational programme 2014-2020.**

- Borrador do Programa Operativo para o Sector Pesqueiro Español. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medioambiente. 2015.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.


## Plans e programas.


- Estratexia galega de acuicultura. Consellería do Mar. 2014.
- Plan director de acuicultura do litoral. Consellería do Mar. 2014.
- VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Secretaría Xeral de Igualdade. 2013.
- Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia. 2007-2013. Consellería de Medio Rural.
- Plan Estratéxico Zonal da Ría de A Mariña-Ortegal. Grupo de Acción Costeira A Mariña-Ortegal. 2008.
- Programa de activación do emprego. SEPE. 2015.
- Plan de Emprego Xuvenil. Consellería de Economía, Emprego e Industria. 2015.
- Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016. Secretaría Xeral de Turismo. 2014.
- Smart Turismo. Plan TIC de turismo. AMTEGA. 2014.
- Plan territorial de contaminación mariña (Plan CAMGAL). Xunta de Galicia. 2012.
- Plan de ordenación do litoral. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. 2010.
- Directrices de ordenación do territorio. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. 2011.
- Estratexia Galega da Paisaxe. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. 2011.
- Plan de artesanía de Galicia. Consellería de Economía, Emprego e Industria. 2014.
- Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3 Galicia). Axencia de Innovación. 2014.
- Estratexia de Inclusión Social. Consellería de Economía, Emprego e Industria. 2014.
- Plan de dinamización demográfica 2013-2016. Consellería de Economía, Emprego e Industria. 2013.


## Fontes biblográficas.

- **La competitividad de los territorios rurales a escala global. Construir una estrategia de desarrollo territorial con base en la experiencia de LEADER. Observatorio Europeo Leader. 2001.**
- **Metodología para la elaboración de estrategias de desarrollo local, Ivan Silva Lira. ILPES. 2003.**
- **Subirats, Joan. Análisis de políticas públicas y eficacia de la administración. INAP. 1989.**
- **Morata, Frances (Editor). Políticas públicas en la Unión Europea.**
- **Vanaclocha, F. Políticas y estrategias públicas. FIIAPP. 2000.**
- **Piñeira Mantiñán, María José e Santos Solla, Xosé Manuel. Xeografía de Galicia. Xerais. 2011.**
- **Meixide Vecino, Alberto (Dir). A economía galega.  Afundación. Varios anos.**
- **Vanaclocha, F. J; García, E.; y Viñas, V. Algunas referencias sobre metodología de la evaluación de políticas públicas y servicios públicos". INAP. 2005.**
- **Kaplan, R. S. y Norton, D. P.  Mapas estratégicos. Convirtiendo los activos intangibles en resultados tangibles. 2004.**
- **Como elaborar el plan de comunicación. Guías BIC Galicia.**
- **Como planificar la comunicación desde una institución pública. Gobierno de Navarra. 2011.**
- **Lorenzo Vila, A. y Martínez López, M.  Asembleas e Xuntanzas. Metodoloxías de autoorganización. Asociación para a Economía Social 1998.**
- **Sanchez Alonso, M. La participación. Metodología y Práctica. Popular. Madrid 1991.**
- **VVAA Dinámica de grupos: dinamización de metodologías y procesos para la democracia participativa. Urtxintxa eskola. 2004.**
- **VVAA. Metodologías participativas: manual Red Cimas. Madrid 2009.**
- **Guía para a elaboración das estratexias de desenvolvemento local das zonas pesqueiras. FEMP 2014-2020. Consellería do Mar. 2015.**
- **Guía de financiamento comunitario. Fundación Galicia Europa, 2014.**
- **Guía para a implantación da responsabilidade social corporativa nos Grupos de Acción Costeira.**
- **Guía de novos retos dos grupos de acción local do  sector pesqueiro (GALPs) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco da política comunitaria FEMP (2014-2020)**
- **Guías, revistas e dossieres técnicos Farnet. Rede Europea de Grupos de Pesca. Varios anos.**